

MAG/avr

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS
PROVINCIAIS DO DÍA 19/12/2025

ASISTENTES

PRESIDENTA: D.^a María Pilar Ramallo Vázquez

VOGAIS: D. Roberto José Álvarez Carrero

D. Javier Tourís Romero, en substitución de D.^a Luisa María Sánchez Méndez

D.^a Belén Cachafeiro Anta, en substitución de D. Rafael Domínguez Artime

D. Jorge Cubela Lopez

D. Jesús Vázquez Almuíña

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D.^a Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D.^a Digna Rosa Rivas Gómez

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

D.^a M.^a Manuela Rodríguez Pumar, en substitución de D.^a Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día dezanove de decembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D.^a María Ramallo Vázquez. Actúa como secretario o xefe do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1. Aprobación da acta da sesión anterior



Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: QV5DRUQUIGOWRHFZ), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e un de novembro do ano dous mil vinte e cinco por unanimidade.

2. Ditaminar a aprobación das bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2026-2027) (expte. 2025075287)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, antes da súa elevación ao Pleno, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, a seguinte proposta de acordo:

"APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA 2026-2027). (EXPDTE 2025075287)

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (en adiante Plan + Provincia 2026-2027) que xorde da atribución que en materia de cooperación económica lle corresponde á Deputación consonte o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 109 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así pois, a Deputación debe aprobar anualmente un plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para cubrir coa maior amplitude posible ás necesidades municipais en obras e servizos. No marco deste Plan correspóndelle aos Concellos a elección dos seus proxectos e actividades ao non depender a súa selección de posteriores procesos de concorrência competitiva.

As bases do Plan + Provincia 2026-2027 tras a súa aprobación polo Pleno e de conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), constitúen a normativa específica pola que se rexerá a concesión e xustificación das subvencións destinadas aos Concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, para que estes poidan avanzar na prestación de servizos públicos de calidade.

O financiamento da convocatoria de axudas realízase con fondos propios da Deputación, dotándose ao exercicio 2026 con cincuenta millóns de euros (50.000.000,00 €) repartidos nas diferentes aplicacións orzamentarias que conforman as catro liñas do Plan. O exercicio 2027 dótese con outros trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00 €) unicamente na liña 1 destinada ao financiamento de investimentos.

A configuración do Plan como gasto bienal para os exercicios 2026 e 2027 permite unha planificación a máis longo prazo, realizar un maior número de actuacións ou de maior envergadura á vez que facilita os tempos para adecuada tramitación dos expedientes de contratación.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas; con base na documentación relativa ao



citado plan que obra no expediente, e de acordo cos informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 16 de decembro de 2025 (CSV VFUNDQJ8ZV5FHE4L), da Secretaría Provincial, de data 16 de decembro de 2025 (CSV JPGXCMNVQM2JXNYC) e da Intervención provincial, de data 16 de decembro de 2025 (CSV OGV4NAVTLWTPI61N), propónse a adopción do seguinte acordo; de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

1º. APROBAR as Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan + Provincia 2026-2027) (expdte 2025075287), condicionadas á aprobación definitiva dos orzamentos por tratarse dunha tramitación anticipada.

O texto das Bases reguladoras e convocatoria figuran no devandito expediente co CSV VM1LL39J2MHJBEAY e reproducése literalmente en folla anexa.

2º. ORDENAR a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

Sometido a votación este asunto, a Comisión informativa de Cooperación Municipal, Transfondeiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6), e a abstención do Grupo Provincial do BNG (2).

BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2026-2027 (PLAN +PROVINCIA 2026-2027)

INTRODUCCIÓN

No artigo 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRRL), en concreto no seu apartado b, establécese como competencia propia da Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.

Así pois, no exercicio da competencia de asistencia económica, a Deputación de Pontevedra aproba con periodicidade anual o Plan de obras e servizos de competencia municipal, a través do cal lles ofrece aos 59 concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, como haber principal, a cooperación económica para o financiamento de investimentos e o mantemento de servizos municipais, achegándolles unha asignación que se determina con base nuns criterios de repartición definidos nas propias bases.

O Plan Máis Provincia (en adiante, Plan +Provincia) constitúe o corpo principal da cooperación provincial ás obras e servizos de competencia municipal. Xunto a este coexisten outros plans de



subvencións e todas aquelas actuacións de carácter puntual que a Deputación desenvolve en beneficio dos intereses municipais. Non obstante, de todos estes instrumentos, o Plan +Provincia conforma o medio máis sólido e eficaz da cooperación provincial, por canto permite corrixir os desequilibrios na prestación dos servizos públicos municipais e asegurarlle ao conxunto da veciñanza o acceso a servizos públicos de calidade respectando, en todo caso, a autonomía municipal e a singularidade de cada concello.

Neste exercicio, o Plan +Provincia fórmulase para os anos 2026 e 2027 aplicando para tal fin os medios económicos propios da Deputación. Deste modo, no caso dos investimentos de carácter bienal ou plurianual, a Deputación está en condicións de conceder a subvención correspondente ao exercicio 2027. Esta acción, dirixida a facilitar a planificación municipal e a consolidación de liñas de traballo iniciadas, fortalece a posición da Deputación na cooperación económica e garante a unidade de acción, a fin de que todas as entidades participantes poidan lograr que a prestación dos servizos municipais á que fai referencia o artigo 31.2.a da LRBRL sexa realmente factible e eficaz.

Así mesmo, para simplificar a cooperación administrativa, o Plan +Provincia 2026 -2027 estrutúrase en catro liñas:

Liña 1: Investimentos, na que se poden contemplar as seguintes casuísticas:

- Investimentos de carácter anual que se financian co crédito do exercicio 2026 ou do 2027
- Investimentos de carácter bienal ou plurianual ou que sen ter este carácter a súa execución/financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a Deputación pode outorgar o financiamento correspondente ao exercicios 2026 , ao exercicio 2027 ou a ambos.

Liña 2: Actividades, gastos correntes e obras puntuais non cualificables como investimentos.

Liña 3: Activación do emprego 2026.

Liña 4: Redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas e/ou proxectos de carácter estratéxico local que posibiliten a transformación e modernización do municipio.

A liña 1 está destinada a financiar investimentos de competencia municipal (obras, subministracións, adquisicións de bens inmobles e propiedades inmateriais para actividades e servizos) nos que se deberá cumprir a premisa de que o Concello deberá ser titular, concesionario ou cesionario dos terreos, bens ou instalacións obxecto de subvención e contar con todos os permisos e licenzas preceptivas ou acreditar que as solicitaron coa achega da documentación correspondente.

A liña 2 está destinada a financiar o gasto corrente derivado da programación de actividades culturais, deportivas ou sociais, entre outras, da prestación dos servizos recollidos no capítulo II do orzamento de gastos, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións e mais as obras puntuais que non teñen a consideración



de investimentos, así como a amortización das débedas contraídas con entidades financeiras, acredores de investimentos e acredores de gasto corrente.

A liña 3 vai destinada á contratación de persoas desempregadas para executar obras e servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social ou para implantar novos servizos ou actividades, de conformidade coa normativa aplicable e sempre que se cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

Por último, a liña 4 está destinada a financiar a redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas, na que se contemplan tres casuísticas: a recuperación para as persoas de espazos públicos que actualmente están ocupados por tráfico a motor; a creación ou mellora de espazos segregados para a circulación peonil ou ciclable anexos a vías existentes e que na actualidade non contan cos espazos adecuados para este tipo de usuarios; e a combinación das anteriores.

Tamén se poderá incluír nesta liña a redacción dos proxectos de carácter estratéxico local que posibiliten a transformación e modernización do municipio.

En relación co exposto confecciónanse as seguintes bases reguladoras:

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Primeira. Obxecto

Estas bases e a súa convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este plan de carácter bienal.

As finalidades subvencionables serán as sinaladas nestas bases e deberán ser de competencia municipal.

No marco destas bases, os concellos poderán elixir libremente os investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar. Non obstante, se algún proxecto ou algunha proposta de actuación non se axustase ao obxecto destas bases ou non cumprise algún dos requisitos obrigatorios establecidos nelas, a Deputación poderá rexeitalo. Nese caso, o Concello poderá presentar unha nova proposta.

O Concello poderá destinar a cantidade asignada ao abeiro deste plan a financiar obras de carácter anual, bienal, plurianual ou que sen ter este carácter a súa execución/financiamento poida comprender máis dun exercicio sempre que se dean os requisitos establecidos na base décimo novena.

Así mesmo, os investimentos de carácter plurianual non deberán exceder o límite temporal establecido no artigo 174.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

No suposto excepcional de investimentos de competencia municipal que se realicen sobre terreos ou estradas, ou nas súas zonas de afección, de titularidade provincial ou de calquera outra Administración pública, o Concello deberá xustificar a competencia mediante informe da ou do secretario municipal e contar coa autorización expresa das respectivas administracións



ou, polo menos, acreditar que xa as solicitou; nestes casos, a concesión da subvención quedará condicionada a esta circunstancia.

Cando un proxecto, documento técnico ou memoria valorada está supeditada á obtención dunha autorización sectorial solicitada formalmente ante o organismo correspondente, permítese que a súa aprobación formal se atrase ata que se outorgue a autorización preceptiva. Neste caso, o Concello deberá achegar a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto, do documento técnico ou da memoria valorada, a acta de implantación (anteriormente acta de trazado previo) e a correspondente autorización sectorial xunto coa primeira xustificación.

As subvencións deste plan poderanse destinar ás seguintes liñas, nos termos que se recollen nas disposicións específicas de cada unha delas.

- Liña 1: Investimentos de diferentes tipoloxías.
- Liña 2: Amortización extraordinaria de débedas con entidades financeiras; acredores de gasto corrente e investimentos, financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións; obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, do Concello.
- Liña 3: Activación do emprego 2026.
- Liña 4: Redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas e/ou proxectos de relevancia estratéxica local que posibiliten a transformación e modernización do municipio.

Segunda. Natureza xurídica

As subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través das liñas referidas na base primeira rexeranse por estas bases.

Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.3 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2026 e no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é o Pleno da Deputación.

Cuarta. Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo na data de publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) destas bases. Non



poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorran algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

A colaboración cos concellos de máis de 50.000 habitantes, que non son beneficiarios deste plan, instrumentalizarase a través de convenios de colaboración, para os cales se dotará de crédito a correspondente aplicación orzamentaria.

Quinta. Aplicacións orzamentarias e porcentaxes das subvencións

O plan de carácter bienal conta con catro liñas de subvencións para os concellos, que se financiarán con cargo ás dotacións orzamentarias das aplicacións que se sinalan deseguido. A autorización e disposición do gasto quedará condicionada á existencia de crédito no correspondente orzamento.

Liña 1: Investimentos. Dotada con trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00 €) na aplicación orzamentaria 26/942.9425.762.45 do exercicio 2026 e con outros trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00 €) na aplicación orzamentaria 27/942.9425.762.45 do exercicio 2027.

Liña 2: Amortización extraordinaria de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos; financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións; obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, do Concello, dotada en total con catro millóns cento cincuenta mil euros (4.150.000,00 €) con cargo ás seguintes aplicacións:

- Amortización extraordinaria de débedas con entidades financeiras e pagamento de débedas con acredores de investimentos: aplicación orzamentaria 26/942.9425.762.46.
- Pagamento de acredores de gasto corrente, gastos derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións e obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos, con cargo á aplicación orzamentaria 26/942.9425.462.45.
- Gastos derivados da programación cultural, deportiva, promoción turística ou social, entre outras, do Concello, con cargo á aplicación 26/942.9425.462.00.

Liña 3: Activación do emprego 2026. Dotada con nove millóns seiscientos mil euros (9.600.000,00 €), con cargo á aplicación 26/942.9425.462.03.

Liña 4: Redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas e/ou proxectos de relevancia estratéxica local que posibiliten a transformación e modernización do municipio. Dotada cun millón douscentos cincuenta mil euros (1.250.000,00 €), con cargo á aplicación 26/942.9425.762.65



No exercicio 2026, os concellos sobre as cantidades asignadas con base nos criterios de repartición recollidos na base sexta, poderán destinar ao financiamento das liñas 1, 2, 3 e 4 as seguintes porcentaxes mínimas:

LIÑA DE SUBVENCIÓN	PORCENTAXES MÍNIMAS SOBRE AS CANTIDADES ASIGNADAS NO EJERCICIO 2026
LIÑA 1	70 %
LIÑA 2	8,30 %
LIÑA 3	19,20 %
LIÑA 4	2,50 %

No exercicio 2027, a contía asignada a cada Concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos.

É dicir, o crédito do exercicio 2027 non se poderá aplicar no financiamento das liñas 2, 3 e 4.

No caso dos investimentos de carácter bienal 2026-2027 ou plurianual, a Deputación pode outorgar o financiamento conxunto para ambas as anualidades.

Con respecto ao crédito do exercicio 2026, os concellos poderán destinar, no momento de presentar a solicitude de subvención, ata o 30 % do crédito da liña 1 para financiar gastos da liña 2. Os concellos que queiran facer uso desta opción, deberán aplicar o crédito, en primeiro lugar, á aprobación (recoñecemento de obrigas) dos gastos ou investimentos de exercicios pechados para os que non existe crédito, sempre que os devanditos gastos e/ou investimentos non estean incluídos ou sexan susceptibles de incorporarse nalgún mecanismo de pago a provedores convocado pola Administración estatal. Este aspecto será informado polos concellos no momento de presentar a solicitude de subvención e será comprobado pola Deputación con carácter previo á concesión, e tomarase como data de referencia o 30 de xuño de 2026 ou a data da proposta de concesión, en caso de que esta sexa posterior.

O importe que reste poderase destinar a financiar o resto de gastos da liña 2.

Os concellos que se acollan a esta opción deberán, á súa vez, aplicar o importe sobrante do crédito da liña 1 a financiar investimentos financeiramente sostibles, agás que o Concello non teña gastos de exercicios pechados pendentes de aprobar.

Enténdese que son investimentos financeiramente sostibles aqueles que non aumentan o gasto corrente, salvo que se trate de investimentos necesarios para prestar os servizos mínimos obrigatorios regulados no artigo 26 da LRBRL.

Para estes efectos, para cada unha das solicitudes de subvención de investimentos que se presenten ao abeiro da liña 1, deberán achegar o informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención no que se xustifique o carácter de investimento financeiramente sostible e que non incrementa o gasto corrente.

O traspaso de crédito da liña 1 con destino á liña 2 debe comunicarse formalmente no momento de presentar as solicitudes de subvención.



Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2. Este traspaso debe comunicarse formalmente no momento de presentar as solicitudes de subvención.

O traspaso de crédito das liñas 2 e 3 á liña 1 non ten límite cuantitativo pero debe producirse dentro do exercicio orzamentario 2026.

O traspaso de crédito da liña 4 á liña 1 non ten límite cuantitativo e pode producirse en calquera momento.

Sexta. Criterios de repartición

Este plan está dotado cun importe total de **cincuenta millóns de euros (50.000.000,00 €)** no exercicio 2026, que se repartirán en tres grupos da seguinte forma:

Habitantes	Ata 10.000 Grupo 1	De 10.001 a 20.000 Grupo 2	De 20.001 a 50.000 Grupo 3
Porcentaxe	43,57 %	33,71 %	22,72 %
Núm. de concellos	36	15	8
Cantidade por grupo	21.783.300,00 €	16.856.125,00 €	11.360.575,00
Total	50.000.000,00 €		

Así mesmo, no exercicio 2027 a liña 1 do plan dótese cun importe total **de trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00 €)**, que se repartirán entre os tres grupos do modo seguinte:

Habitantes	Ata 10.000 Grupo 1	De 10.001 a 20.000 Grupo 2	De 20.001 a 50.000 Grupo 3
Porcentaxe	43,57 %	33,71 %	22,72 %
Núm. de concellos	36	15	8
Cantidade por grupo	15.249.500,00 €	11.798.500,00 €	7.952.000,00 €
Total	35.000.000,00 €		

Estas cantidades repartiranse entre o número de concellos que forman o grupo en proporción:

- Á poboación, de acordo cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (en diante, INE), correspondentes ao ano 2024.
- Á superficie, de acordo cos datos publicados polo IGE correspondentes ao ano 2019.
- Aos núcleos de poboación, de acordo cos datos publicados polo IGE correspondentes ao ano 2024.
- Ao reto demográfico, calculado de acordo cos datos definidos polo INE en relación coa prima demográfica de perda de poboación entre 2015 e 2024.
- E ao envellecemento da poboación, obtido da relación entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20 anos, de acordo cos datos publicados polo IGE correspondentes ao 2024, co que se obtivo un rateo para calcular o índice de envellecemento; e segundo as características singulares de cada grupo de concellos a partir destas porcentaxes:



Grupos de concellos	Ata 10.000 habitantes	De 10.001 a 20.000 habitantes	De 20.001 a 50.000 habitantes
Porcentaxe fixa	45 %	45 %	45 %
Porcentaxe variable	55 %	55 %	55 %
Distribución variable			
Poboación	55 %	55 %	55 %
Superficie	25 %	25 %	25 %
Núcleos	10,82 %	16,93 %	17,68 %
Reto demográfico	9,18 %	3,07 %	2,32 %

Na determinación dos criterios de repartición non se tivo en conta a variable referida aos “custos efectivos dos servizos dos municipios”, xa que este indicador presenta limitacións cando se trata de avaliar as necesidades veciñais e o impacto da axuda ao non ter en conta os factores estruturais e xeográficos.

Cada Concello coñecerá as cantidades que lle corresponden dentro dos dez primeiros días hábiles seguintes ao da publicación destas bases no BOPPO. Tamén poderá informarse dirixíndose ao Servizo de Cooperación.

A Presidencia ditará unha resolución na que se aprobe a cantidade total e a que lle corresponde por cada liña a cada Concello; terase en conta que a disposición do crédito se fará para cada solicitude de subvención, unha vez comprobada a documentación achegada e instruído o procedemento conforme se recolle nas bases específicas de cada liña.

Sétima. Compensación de débedas

Xunto coa cantidade que lle corresponde a cada Concello no exercicio de 2026, a Deputación comunicarlle a relación de débedas que teña coa institución provincial, co fin de que se proceda ao seu pagamento antes de presentar as solicitudes de subvención. De non procederse ao seu aboamento, a Deputación detraerá o importe das débedas do crédito asignado no ano 2026 e, de non ser suficiente, dos ingresos propios do Concello froito da recadación do ORAL. Para iso ditará a correspondente resolución presidencial.

Oitava. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións é o de réxime de concorrência non competitiva.

Novena. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes para as diferentes liñas de subvencións presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).



Estas solicitudes deberán aprobarse a través dunha resolución ou dun acordo do órgano competente do Concello, no que se indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistema de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Décima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes da liña 1 destinadas a financiar investimentos **imputables ao exercicio 2026, ou conxuntamente aos exercicios 2026-2027**, é de tres (3) meses, contados desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

O prazo para presentar as solicitudes de subvención das liñas 2, 3 e 4 é de tres (3) meses, contados desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no BOPPO e na BDNS.

O prazo para presentar as solicitudes de subvención da liña 1 imputables unicamente ao exercicio 2027 **será de tres (3) meses e comezará o 4 de xaneiro de 2027**.

Décimo primeira. Simplificación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Para a tramitación dos procedementos de concesión e xustificación ao abeiro destas bases, os concellos presentarán unha declaración responsable conforme están ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiante, AEAT), coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra. Para tal fin, os formularios para trámites administrativos, tales como as solicitudes de subvencións ou de achega de documentación xustificativa dispoñibles na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>), incorporan a devandita declaración responsable como ferramenta de simplificación burocrática para axilizar os procedementos.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de acordos e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal> e a través de <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso,



efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicarlle que, en caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo cuarta. Compatibilidade

As subvencións que se concedan no marco do Plan +Provincia 2026-2027 son compatibles con achegas de particulares e outras subvencións públicas para a mesma finalidade outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non se supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións que financien as finalidades subvencionadas.

Todas as alteracións das condicións que se tiveron en conta para a concesión e, en todo caso, a concesión concorrente de subvencións por calquera entidade pública ou privada, nacional ou internacional, poderán dar lugar á modificación da subvención outorgada.



Décimo quinta. Ordenación, instrucción, procedemento e resolución

A instrución dos procedementos de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os expedientes. Igualmente, o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o outorgamento correcto das subvencións.

Unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, logo do informe da técnica ou técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.

Se algunha solicitude de subvención é rexeitada pola Deputación por non axustarse ás condicións contempladas nestas bases ou por non cumprir algún dos requisitos esixidos nelas e, por esta razón, é informada desfavorablemente polo persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación ou pola Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

As subvencións que se outorguen no marco destas bases con cargo ao exercicio 2026 ou conxuntamente con cargo aos exercicios 2026 e 2027, deberán estar totalmente concedidas no prazo de seis (6) meses desde que remate o prazo de presentación de solicitudes.

As subvencións que se outorguen exclusivamente con cargo ao exercicio 2027 deberán estar totalmente concedidas no prazo de seis (6) meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes desa anualidade.

Unha vez notificadas as resolucións ou os acordos de concesión, entenderanse aceptados polos concellos salvo que estes os rexeiten expresamente.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos nos procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



Décimo sétima. Perda do dereito ao cobro ou reintegro das subvencións concedidas

Declararase a perda do dereito ao cobro ou reintegraranse as subvencións outorgadas de conformidade con estas bases nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS e nos artigos 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra.

ANEXO I. TÁBOA DO RETO DEMOGRÁFICO: PRIMA DEMOGRÁFICA POR PERDA DE POBOACIÓN

Prima demográfica por perda de poboación	
Concellos que manteñen a mesma poboación ou con perda de poboación de ata o 5 % incluído	10.000,00
Concellos con perda de poboación maior ao 5 %, e ata o 10 % incluído	15.000,00
Concellos con perda de poboación maior ao 10 %, e ata o 15 % incluído	20.000,00
Concellos con perda de poboación maior ao 15 %, e ata o 20 % incluído	25.000,00

ANEXO II. TÁBOA DO RETO DEMOGRÁFICO: PRIMA POR ENVELLECIMENTO

Prima por envellecemento	
Concellos cun índice de envellecemento menor ou igual que 100	10.000,00
Concellos cun índice de envellecemento maior que 100 e menor ou igual que 200	15.000,00
Concellos cun índice de envellecemento maior que 200 e menor ou igual que 300	20.000,00
Concellos cun índice de envellecemento maior que 300 e menor ou igual que 400	25.000,00
Concellos cun índice de envellecemento maior que 400 e menor ou igual que 500	30.000,00
Concellos cun índice de envellecemento maior que 500	35.000,00



TÍTULO II. DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS

CAPÍTULO I. LIÑA 1: INCREMENTOS

Décimo oitava. Obxecto

A través da liña 1, de incrementos, subvencionaranse as obras, as subministracións e as adquisicións de bens inmoables e propiedade inmaterial para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

O incremento deberá realizarse sobre bens, instalacións ou terreos nos que se acredite a titularidade ou o dereito de uso ou cesión. En caso de que o ben, a instalación ou terreo proveña doutra administración pública, o Concello deberá acreditar a titularidade coa correspondente cesión, autorización ou concesión; de ser un suxeito xurídico privado, a cesión terá unha duración de cincuenta (50) anos, salvo que o incremento teña unha vida esperada superior.

En caso de dispoñer dunha autorización ou dunha concesión administrativa, a duración desta non poderá ser inferior a cinco (5) anos desde que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Décimo novena. Incrementos en obras

Dentro dos incrementos en obras podemos atopar diferentes supostos:

1. Incrementos de carácter anual que se financian integramente co crédito do exercicio 2026 ou co crédito do 2027.

Nos incrementos en obras de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), incluído o IVE.

En caso de incrementos cofinanciados con outras administracións ou coa propia Deputación, o importe da solicitude de subvención pode ser inferior; non obstante, o orzamento debe ser igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), incluído o IVE.

A presentación de solicitudes de subvención para cada anualidade farase no prazo estipulado na base décima en función de se o incremento se subvenciona co crédito do exercicio 2026 ou do 2027.

2. Incrementos de carácter bienal ou plurianual

O concello poderá incluír no Plan + Provincia 2026-2027, incrementos en obras de carácter bienal ou plurianual. Nestes casos, a Deputación poderá conceder a subvención destinada a financiar as anualidades dos exercicios 2026 e 2027 conxuntamente, sometido á condición da existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2027 para atender as obrigas derivadas da presente convocatoria.

Se os fondos do Plan +Provincia se empregan no financiamento de incrementos en obras de carácter bienal ou plurianual, haberá que diferenciar dous supostos:

1.º. Que se trate de incrementos en obras de carácter bienal 2026-2027 ou plurianual onde os fondos do Plan + Provincia constitúen a súa principal fonte de financiamento. Neste caso deberánse cumprir os seguintes requisitos:



- O orzamento debe acadar os cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) de anualidade media (é dicir, o orzamento de execución deberá ser igual a trescentos mil euros (300.000,00 €) para executar en dúas anualidades; a catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 €) euros para executar en tres anualidades; a seiscentos mil euros (600.000,00 €) euros a executar en catro anualidades.
- A subvención solicitada deberá ser superior ao 50% do importe do investimento, respectando esta porcentaxe nas previsións de anualidades futuras.
- A entidade solicitante deberá achegar un cadro de financiamento por anualidades aprobado polo órgano competente.
- En canto a natureza do investimento, non se poderán tramitar como gasto bienal ou plurianual os proxectos meramente de iluminación nin os proxectos cuxo único fin consista na pavimentación, o asfaltado, a mellora superficial, a conservación, a reparación e o mantemento de camiños, rúas ou vías públicas.

2.º. Que se trate de investimentos en obras carácter bienal, plurianual ou que sen ter este carácter a súa execución/financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos outorgados por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada a través do Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa aportación económica.

- Neste suposto haberá que respectar os límites cuantitativos previstos no apartado anterior, excepto no relativo ao importe da subvención solicitada e á natureza do investimento.
- O convenio, o acordo ou o instrumento de colaboración deberá conter un cadro de financiamento por anualidades ou, no seu defecto, a entidade solicitante achegará un cadro de financiamento aprobado polo órgano competente do Concello.

A anualidade 2026, a anualidade 2027 ou as anualidades 2026-2027 poden conformar as primeiras anualidades de gasto dun investimento plurianual, neste caso o Concello poderá incluír as anualidades sucesivas en plans posteriores de conformidade coa distribución do orzamento por exercicios.

Do mesmo modo, a anualidade 2026, a anualidade 2027 ou as anualidades 2026-2027 poden constituír as últimas anualidades de execución duns gasto plurianual.

En todo caso, a proposta de cada Concello para financiar obras de carácter bienal 2026-2027 ou plurianual xunto co cadro de financiamento por anualidades, deberá ser supervisada e informada favorablemente polos técnicos do Servizo de Cooperación e pola Intervención provincial.

Os investimentos de natureza similar ou homoxénea (pavimentacións, saneamentos, iluminación etc.) deberán propoñerse necesariamente nunha única solicitude e nun único proxecto, que se dividirá, á súa vez, en lotes. A única excepción á división en lotes exixirá o



cumprimento da normativa contractual e a súa xustificación de acordo co disposto no artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

En ningún caso estará permitido presentar solicitudes mediante proxectos independentes que en realidade sexan da mesma natureza para poder tramitalos como contratos menores.

Os investimentos en obras que se integren no plan deben identificarse con claridade, sen deixar lugar a ambigüidades, e debe existir unha concordancia entre a solicitude e a denominación do proxecto ou documento técnico análogo. Non se admitirán denominacións xenéricas.

Poderán incluírse no plan investimentos cuxo procedemento de licitación estea iniciado, sempre que non estean adxudicados. Con todo, no caso de investimentos plurianuais ou das subvencións concedidas co obxecto do financiamento das achegas municipais para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra, Plan extraordinario de infraestruturas deportivas), programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, o investimento pode estar adxudicado.

Vixésima. Proxectos de obra

Os proxectos serán redactados por persoal facultativo competente e deberán referirse necesariamente a obras completas ou de aproveitamento separado; entenderanse por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

Todos os proxectos conterán, polo menos, a documentación establecida na normativa de contratos e axustarán o seu contido ás instrucións recollidas nestas bases, segundo sexa o orzamento de licitación ou o total de execución no caso de que o realice a propia Administración.

Terán a condición de subvencionables os gastos das compras e das expropiacións que sexan necesarias para executar as obras de infraestruturas ou ben para a futura ampliación das dotacións locais ou para a prestación de servizos de competencia municipal.

Non se admitirán obras cuxo único obxecto sexa a demolición.

Nos casos en que un investimento conteña prestacións correspondentes en parte á obra e en parte á subministración, atenderase na súa cualificación como un ou outro á prestación que sexa a definitoria do contrato segundo o informe da técnica ou técnico correspondente.

Os custos de redacción de proxectos, memorias, prescricións técnicas e outros estudos ou documentos técnicos necesarios para executar os investimentos, ao igual que os gastos derivados da dirección de obra e da coordinación de seguridade e saúde do control de calidade, requirida en cada caso para a súa execución, poden ser financiados con cargo aos fondos deste plan, cando sexan obxecto dunha contratación externa. Con todo, no caso da asistencia técnica á redacción de proxectos, memorias ou prescricións técnicas a súa adxudicación debe producirse no exercicio orzamentario 2026 ou 2027.



Estes custos deben figurar desagregados na solicitude de subvención. En todo caso, os custos das asistencias técnicas que teñan un importe igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €) deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto.

Os proxectos de obra incluírán na súa memoria, e nun apartado específico, a clasificación das obras segundo o seu obxecto e natureza, acorde aos grupos indicados no artigo 232 da LCSP.

Os proxectos de obra, de acordo co recollido no artigo 233 da LCSP, deberán comprender, cando menos:

- a. Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a estas, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que se deben ter en conta.
- b. Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e os servizos afectados pola súa execución.
- c. Os pregos de prescricións técnicas e particulares.
- d. Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou un plan de obra de carácter indicativo, coa previsión, se é o caso, do tempo e do custo.
- e. Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, no que se indiquen os prezos unitarios e dos descompostos e, se é o caso, o estado das medicións e os detalles necesarios para a súa valoración. En caso de incluír partidas alzadas, o seu importe non poderá superar o 5 % do orzamento de execución material. Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables; non se admitirán partidas de natureza administrativa, coma homologacións, licenzas ou o custo do cartel de obra, por ser a cargo do adxudicatario.
- f. O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
- g. O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade de residuos xerados e unha valoración do custo previsto para a súa xestión, o que debe figurar con carácter independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro.
- h. O estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, agás que resulte incompatible coa súa natureza.
- i. Cando sexa necesario, un estudo topográfico para a definición correcta dos terreos sobre os que se vai executar a obra.
- j. O certificado de eficiencia enerxética en edificios de nova construción e demais ámbitos de aplicación segundo o Real decreto 390/2021, de 1 de xuño.
- k. Na redacción dos proxectos de obra débese ter en conta a porcentaxe de gastos xerais e de beneficio industrial, e as persoas autoras destes deberán ser técnicas ou técnicos competentes na materia obxecto do proxecto.
- l. Canta documentación estea prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.
- m. Unha reportaxe fotográfica do ámbito da actuación con imaxes dos elementos singulares sobre os que se vai actuar.



Os proxectos estarán suxeitos ás instrucións técnicas que sexan de obrigado cumprimento.

Naqueles proxectos de obra cuxo valor estimado sexa inferior a corenta mil euros (40.000,00 €), poderase presentar un documento técnico no que se simplifique, refunda ou incluso suprima algún dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para valorar, definir e executar a obra, sen prexuízo de que se deba elaborar un proxecto cando as normas específicas o requiran. En todo caso, como mínimo, achegarse o seguinte:

- a. Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, na que se recollerán os antecedentes e a situación previa a elas, as necesidades que hai que satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que se deben ter en conta.
- b. Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida.
- c. O orzamento, as medicións e os detalles necesarios para valorar a actuación.
- d. O estudo básico de seguridade e saúde e o estudo de xestión de residuos, dos que só poderá prescindirse nos casos previstos na normativa específica que regula a obra.

Non se poderá facer referencia a marcas concretas en ningún documento do proxecto. Só se admitirá excepcionalmente a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da xa citada LCSP, e deberá engadirse a mención “ou equivalente”.

O Concello poderá solicitar, sempre que cumpra os requisitos establecidos na LCSP, a execución da obra directamente polo sistema de administración.

A redacción dos proxectos por administración axustarase á normativa vixente en materia de contratación.

A Deputación, en todo caso, supervisará e controlará os proxectos e terá especialmente en conta os prezos das distintas unidades.

Vixésimo primeira. Investimentos en subministracións

Nos investimentos en subministracións, que deberán ter un carácter singular e natureza inventariable, o importe mínimo do orzamento e de cada solicitude de subvención será de cinco mil euros (5.000,00€), incluído o IVE. O orzamento debe agrupar conceptos subvencionables de natureza similar.

É subvencionable a compra de bens ou equipamentos relacionados coa prestación de servizos municipais (vehículos, mobiliario urbano, equipamento administrativo, deportivo, cultural etc.).

O resto de subministracións que non constitúan un investimento por si mesmas e que supoñan a mellora, a construción ou a creación dun ben novo deberán integrarse nun proxecto de obra do investimento.

O Concello deberá achegar, xunto co formulario de solicitude e a documentación que se sinala na base vixésimo novena, unha memoria valorada que deberá incluír, cando menos, o seguinte:



- a. Unha memoria descritiva na que se detallen o obxecto e a finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades que se van satisfacer e a xustificación da solución adoptada.
- b. Un orzamento desagregado no que se definan con claridade os distintos conceptos coas súas características técnicas necesarias, con expresión dos prezos de cada elemento, o número de unidades e co IVE desagregado. A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestación, dimensións ou características técnicas, entre outras, para evitar limitar a competencia. Os equipamentos deberán contar coa acreditación “Etiqueta CE”.
- c. Se son necesarios, documentos gráficos para a correcta definición da subministración.
- d. No caso da subministración e instalación de mobiliario urbano, xogos, iluminación, marquesiñas, colectores de lixo e similares será obrigatorio sinalar no plano para cada elemento o lugar exacto da súa instalación.
- e. Lugar e prazo de entrega.
- f. Prazo de garantía.

A memoria deberá ser redactada e asinada por persoal técnico competente na materia.

Os investimentos en subministracións non poden ter carácter bienal ou plurianual.

Vixésimo segunda. Adquisición de bens inmobles

Terán a condición de subvencionables a adquisición de bens inmobles que resulten necesarios para a prestación de servizos de competencia municipal ou para a futura ampliación das dotacións ou infraestruturas locais.

Os concellos poderán adquirir bens inmobles por calquera dos procedementos previstos no ordenamento xurídico, incluído o de expropiación.

Na adquisición de bens inmobles cuxo financiamento non teña carácter plurianual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será de cinco mil euros (5.000,00 €).

Na adquisición de bens inmobles cuxo financiamento teña carácter bienal ou plurianual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención no exercicio 2026 deberá acadar os cen mil euros (100.000,00 €). O importe da adquisición poderá ser obxecto dun aprazamento que non poderá superar os catro (4) anos, con suxeición aos trámites previstos para os compromisos de gastos futuros. En todo caso, o importe e o prazo de pagamento das anualidades debe figurar na escritura pública de compravenda.

Nestes casos, o Concello podería solicitar o financiamento para a cota do exercicio 2026, do exercicio 2027 ou, dado o carácter bienal do plan, para as cotas dos exercicios 2026 e 2027 conxuntamente. Se o Concello solicita a subvención para financiar exclusivamente a cota aprazada do exercicio 2027, a solicitude de subvención presentárase no momento da apertura do prazo de presentación das solicitudes de subvención que se imputen ao devandito exercicio.

O Concello deberá achegar, xunto coa solicitude, unha memoria na que se xustifique a necesidade ou conveniencia da adquisición, o fin ao que se pretende destinar o inmovible, a referencia catastral e súa valoración ou taxación. Se a adquisición do ben inmovible é de carácter



plurianual con pagamento aprazado, na memoria deberá desagregarse o importe de cada anualidade.

Serán subvencionables os gastos notariais, os de rexistro e os periciais, sempre que estean recollidos na memoria valorada e descritiva do ben que se vai mercar.

A memoria deberá ser redactada e asinada por persoal técnico competente.

Vixésimo terceira. Investimentos en propiedades inmateriais que se adxudiquen mediante contrato de servizos

Nos investimentos en propiedades inmateriais que se adxudiquen mediante contrato de servizos, o importe mínimo do orzamento e de cada solicitude de subvención será de cinco mil euros (5.000,00 €), incluído o IVE.

Dentro deste ámbito de actuación poderanse solicitar subvencións para adquirir, entre outros, software de longa duración ou programas informáticos desenvolvidos a medida. Tamén se poderá subvencionar o custo da redacción de plans especiais ou instrumentos que regulan o uso do solo, edificacións ou o desenvolvemento do municipio.

Non se subvencionarán dentro desta modalidade os custos da redacción dos proxectos nin os custos derivados da asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras que integran o plan, dado que todos estes gastos son subvencionables ao abeiro dos investimentos en obras da liña 1 e, para tal fin, deberán figurar desagregados na solicitude de subvención.

Tampouco se subvencionarán dentro desta modalidade os custos da redacción dos proxectos que pola súa tipoloxía sexan subvencionables no marco da liña 4.

O Concello achegará, xunto coa solicitude, unha memoria valorada que deberá incluír, cando menos, o seguinte:

- a. Unha memoria xustificativa na que se detallen o obxecto e a finalidade do servizo, os antecedentes e necesidades que se van satisfacer.
- b. O orzamento desagregado no que se definan con claridade os distintos conceptos coas súas características e o IVE desagregado.

A memoria deberá ser redactada e asinada por persoal técnico competente.

Os investimentos en propiedades inmateriais non poden ter carácter bienal ou plurianual.

Vixésimo cuarta. Aprobación dos proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas

Os proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas debe aprobalos o órgano competente do Concello. Non obstante, no caso daqueles proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas que non puidesen aprobarse no momento de presentar a solicitude de subvención por estar supeditados ao outorgamento dalgunha autorización sectorial por parte dalgunha Administración, entidade ou organismo, permítese que a aprobación formal se atrase ata que a entidade municipal dispoña desta. Nestes supostos, a concesión da subvención quedará condicionada a que se achegue o acordo ou a resolución de aprobación do proxecto, a



acta de implantación e a correspondente autorización sectorial, xunto coa primeira xustificación.

No caso dos convenios coa Deputación ou con outras administracións nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello queda exento da aprobación do proxecto técnico.

Vixésimo quinta. Achegas municipais para o financiamento de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios

Consonte o disposto na base décimo novena, o Concello poderá destinar a cantidade asignada na liña 1 deste plan a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de investimentos de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nestas bases para as actuacións acollidas na liña 1.

Cando un Concello destine crédito do Plan +Provincia 2026-2027 co obxecto do financiamento da súa achega económica a investimentos integrados noutros plans (Plan Extra, Plan extraordinario de infraestruturas deportivas), programas ou convenios da Deputación, a subvención que se conceda rexerase polas normas do plan que se está a cofinanciar, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.

Cando un Concello destine crédito do Plan +Provincia 2026-2027 co obxecto do financiamento da súa achega económica a outros plans, programas ou convenios financiados maioritariamente por outras administracións públicas, a subvención que se conceda rexerase polas normas do presente plan, con independencia que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.

Vixésimo sexta. Titularidade

O Concello deberá ser, en todo caso, titular dos bens, instalacións ou terreos nos que se van executar os investimentos, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión. En caso de que o ben, instalación ou terreo proveña doutra Administración pública, o Concello deberá acreditar a titularidade coa correspondente cesión, autorización ou concesión; de ser un suxeito xurídico privado, a cesión deberá ter unha duración igual ou maior a cincuenta (50) anos, agás que o investimento teña unha vida esperada superior.

En caso de dispoñer dunha autorización ou dunha concesión administrativa, a duración desta non poderá ser inferior a cinco (5) anos desde que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Será imprescindible que nos devanditos bens se realicen ou presten por parte do Concello, de forma real e efectiva, actividades ou servizos de competencia municipal, previos aos acordos que sexan necesarios para establecer a actividade ou o servizo, se fose necesario.

Vixésimo sétima. Autorizacións sectoriais e licenzas



O Concello será responsable da solicitude e obtención de cantos permisos e autorizacións sectoriais se necesiten para executar o investimento.

O Concello deberá acreditar que conta con eles ou que xa os solicitou coa presentación dos correspondentes documentos. Neste último caso, a subvención concederáse condicionada a que o Concello xustifique a obtención da autorización ou do permiso.

Vixésimo oitava. Contratación e execución dos investimentos

Os concellos ou outras administracións contratarán os investimentos de acordo coa lexislación vixente en materia de contratación pública.

As obras serán executadas polos respectivos concellos ou por outras administracións segundo o proxecto técnico, documento técnico análogo ou memoria valorada, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

A dirección de obra será designada pola entidade contratante, que lle dará conta da designación á Deputación no procedemento de xustificación.

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación os actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización dos investimentos financiados co presente plan. Para estes efectos:

- Os concellos comunicaranlle á Deputación **coa suficiente antelación, polo menos de catro días**, a data e mais a hora na que terá lugar a comprobación da implantación, á que asistirá, de considerarse procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa da institución provincial. Así mesmo, a entidade municipal remitiralle á Deputación un exemplar da acta de comprobación da implantación xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación. O cartel de obra será colocado no momento da sinatura da devandita acta.
- Os facultativos técnicos do Servizo de Cooperación poderán visitar as actuacións en execución desenvolvidas polos concellos ao abeiro do presente plan. Para isto, e para os efectos de organizar a visita, os concellos comunicaranlle ao citado servizo **coa suficiente antelación, polo menos de catro días**, cando se acade o 50 % e o 100 % de execución do contrato naquelas obras cuxo orzamento supere os cen mil euros (100.000 €), IVE engadido.
- Os concellos comunicaranlle á Deputación **coa suficiente antelación, polo menos de catro días**, a data e mais a hora nas que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa desta. A Administración municipal remitiralle á provincial un exemplar da acta de recepción.
- De ser o caso, os concellos comunicaranlle á Deputación **coa suficiente antelación, polo menos de catro días**, a data e mais a hora nas que terá lugar a inauguración oficial dos investimentos financiados co presente plan, á que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación provincial.

O incumprimento do deber de colocar o cartel de obra ou calquera outra obriga relacionada coa difusión pública e/ou de efectuar as comunicacións relacionadas nos apartados precedentes implicará a imposición de deducións graduadas do modo seguinte:



- O primeiro requirimento implicará unha advertencia.
- O segundo requirimento implicará unha dedución do 5 % da subvención concedida co obxecto de financiar o investimento correspondente.
- O terceiro requirimento supoñerá unha dedución do 10 % da subvención concedida para financiar o investimento correspondente, que se lle sumará á dedución anterior.
- O cuarto requirimento implicará unha dedución do 15 % da subvención concedida para financiar o investimento correspondente, que se acumulará ás anteriores.
- O quinto e sucesivos requirimentos implicarán deducións do 20 % da subvención concedida para financiar o investimento correspondente, que se sumarán ás anteriores, e que poderá dar lugar, de ser o caso, á perda total do dereito ao cobro da subvención concedida.

Vixésimo novena. Documentación

As entidades interesadas, ademais do formulario de solicitude, achegarán a seguinte documentación, en función da tipoloxía do investimento:

Investimentos en obras anuais, bienais ou plurianuais

- a. A resolución ou o acordo do órgano competente do Concello de que se aprobou a solicitude de subvención, na que se indique a denominación da finalidade concreta e do seu importe. No caso dos investimentos bienais, plurianuais, achegarase unha resolución ou un acordo do órgano competente aprobando o cadro de financiamento por anualidades ou, de ser o caso, incorporarse o convenio ou o instrumento de colaboración no que se recolla a distribución do gasto por anualidades.
- b. O proxecto, documento técnico ou análogo. Todo isto deberá ir asinado electronicamente e en formato PDF.
- c. O informe da persoa ou persoas redactoras do proxecto, avalado polo persoal técnico do Concello cando a redacción sexa externa, no que se deberá indicar expresamente se a execución do proxecto precisa (ou non) de autorizacións sectoriais. De precisáranse, indicarse o seu detalle.
- d. No seu caso, as autorizacións sectoriais necesarias para a execución normal do investimento ou documentación que acredite que as solicitou ante os organismos correspondentes.
- e. A resolución ou o acordo de aprobación do proxecto técnico, documento técnico ou análogo. Cando a aprobación formal non fose posible pola necesidade de dispoñer dalgunha autorización sectorial que está pendente de outorgarse, a entidade municipal achegará a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria (ou o certificado da resolución ou do acordo adoptado), as autorizacións sectoriais que procedan e a acta de implantación coa primeira xustificación.
- f. Acreditación da titularidade, dos acordos de concesión administrativa ou, no seu caso, dos acordos de cesión de uso dos terreos, bens ou instalacións nos que se vai facer o investimento.
- g. En caso de contar coa dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución normal do investimento, a acta de implantación de acordo co anexo III.



No caso de se solicitar a subvención para financiar a anualidade de execución dun gasto bienal ou plurianual financiado nunha anualidade anterior pola Deputación, ou no caso das solicitudes de subvención con destino ao financiamento das achegas municipais para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra, Plan extraordinario de infraestruturas deportivas), programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que se indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

Investimentos en subministracións

- a. A resolución ou o acordo do órgano competente do Concello de que se aprobou a solicitude de subvención, na que se indique a denominación da finalidade concreta e do seu importe.
- b. A memoria valorada da subministración, redactada conforme ao recollido na base vixésimo primeira.
- c. No suposto daquelas subministracións (mobiliario urbano, marquesiñas, colectores de lixo, xogos infantís, sinais...) que pola súa situación poidan precisar dalgunha autorización sectorial, o informe da persoa redactora da memoria, avalado polo persoal técnico do Concello, no que se detallen as autorizacións precisas. Nestes casos, a entidade municipal deberá acreditar que dispón das autorizacións sectoriais ou que as solicitou ante o organismo correspondente.
- d. De non precisárense autorizacións sectoriais ou de contar con elas, a resolución ou o acordo de aprobación da memoria valorada.
- e. Cando as subministracións se localicen en edificacións, terreos ou viarios públicos, a acreditación da titularidade, dos acordos de concesión administrativa ou, no seu caso, dos acordos de cesión de uso dos terreos ou dos inmobles.
- f. No suposto excepcional de que a subministración se sitúe sobre terreos, estradas ou nas franxas de afección de titularidade provincial ou de calquera outra Administración pública, o informe de competencias asinado pola secretaria ou secretario do Concello e a autorización expresa da correspondente Administración ou polo menos acreditar que a solicitou.

No caso de se solicitar a subvención para financiar a achega municipal para investimentos en subministracións integrados noutros plans (Plan Extra, Plan extraordinario de infraestruturas deportivas), programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que se indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

Adquisición de bens inmobles

- a. A resolución ou o acordo do órgano competente do Concello de que se aprobou a solicitude de subvención, na que se indique a denominación da finalidade concreta e do seu importe.
- b. A memoria valorada da adquisición conforme ao disposto na base vixésimo segunda.



- c. A resolución ou o acordo de aprobación da memoria valorada.

No caso de se solicitar a subvención para financiar a merca de bens inmobles con pago aprazado do que a Deputación xa financiase algunha cota de pagamento, o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa estea en poder do Servizo de Cooperación, sempre que se indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

Investimentos en propiedades inmateriais que se adxudiquen mediante contrato de servizos

- a. A resolución ou o acordo do órgano competente do Concello de que se aprobou a solicitude de subvención e no que se indique a denominación da finalidade concreta e do seu importe.
- b. A memoria valorada da prestación.
- c. A resolución ou o acordo de aprobación da memoria valorada.

Cando se cubra a documentación débense ter en conta as seguintes instrucións:

- Os certificados asinaraos a secretaria ou secretario do Concello e a persoa que teña atribuída a representación legal ou delegada a competencia.
- Os informes e as certificacións de carácter económico ou orzamentario asinaraos a Intervención ou a Secretaría-Intervención.
- As declaracións, compromisos e outros documentos asinaraos a alcaldesa ou o alcalde ou a persoa en quen delegue.
- A documentación deberá presentarse de forma electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas achegase a documentación presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

En caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase o tamaño máximo de 50 Mb admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, o Concello poderá proceder dos seguintes modos:

- Fraccionando ou comprimindo en volumes de tamaño menor á capacidade da sede (50 Mb), de modo que eviten a perda das correspondentes sinaturas, incorporando cada un deles nun rexistro independente.
- Comunicando a localización electrónica do documento ou documentos, mediante oficio con ligazón á sede electrónica do Concello ou organismo da Administración onde estean localizados, debidamente asinado e identificados mediante CSV.

Permitirase a presentación electrónica separada da solicitude a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Trixésima. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións por desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada



Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada.

A modificación do destino das subvencións concedidas (cambio de finalidade) estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a. Petición do cambio de finalidade, que procederá nos seguintes supostos, que deberán estar debidamente motivados e xustificados:
 - A denegación ou falta dos permisos, licenzas e autorizacións solicitadas e necesarias para a execución normal do investimento segundo a normativa aplicable en cada caso.
 - Recibir subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados que cubran o importe total ou parcial do gasto subvencionado.
 - No caso de investimentos cofinanciados, a denegación das subvencións solicitadas que dea lugar á imposibilidade de afrontar a execución do investimento.
 - Ter prioridade o financiamento doutro gasto urxente e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo.
 - Algún impedimento que non permita a súa realización, sempre que se deba a circunstancias sobrevidas e non previsibles no momento en que se presentou a solicitude da subvención.
- b. Acordo do órgano competente do Concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de destino.
- c. Documentación relativa aos investimentos que se van financiar, conforme co establecido na base vixésimo novena.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- a. Informe do Servizo de Cooperación relativo á desistencia (total ou parcial).
- b. Informe favorable da Intervención provincial relativo á desistencia (total ou parcial).
- c. Resolución presidencial pola que se acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para financiar as novas propostas que pretende acometer o Concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- d. Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación, por razón do importe da nova concesión, no que se concede unha subvención por cambio de destino, logo dos informes favorables do Servizo de Cooperación e da Intervención provincial.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de finalidade pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada acompañarase, en todo caso, das novas solicitudes de subvención xunto coa documentación que corresponda en función da tipoloxía do investimento que se vaia financiar.



En caso de que o Concello desista da subvención concedida co obxecto do financiamento dunha obra bienal ou plurianual con financiamento nos exercicios 2026 e 2027, ou no caso de que a entidade desista da subvención concedida para sufragar unha achega municipal cuxo financiamento se realiza conxuntamente nas anualidades 2026 e 2027, o crédito da desistencia reverterá en cada anualidade proporcionalmente á porcentaxe de financiamento. De querer a entidade municipal aplicar o crédito da desistencia novamente no financiamento dun gasto bienal, plurianual, deberá ter en conta os límites previstos na base décimo novena.

No caso dos investimentos incluídos no plan financiados con fondos propios do Concello, este poderá destinar o crédito dispoñible tras unha desistencia total ou parcial en calquera das liñas a minorar a achega municipal, se ben no caso das liñas 2 e 3 a desistencia total ou parcial debe producirse dentro do exercicio orzamentario e con suxeición aos prazos que se regulan nos capítulos destinados a cada unha delas.

Tamén se poderán destinar os sobrantes das liñas 2, 3 e 4 a minorar o financiamento con fondos propios do Concello a investimentos incluídos no plan. No caso das liñas 2 e 3 a aplicación do sobrante debe solicitarse dentro do exercicio orzamentario e con suxeición aos prazos que se regulan nos capítulos destinados ás devanditas liñas.

En todos estes casos, o axuste do financiamento dará lugar a unha modificación do acordo de concesión.

Trixésimo primeira. Reformulación dos proxectos técnicos sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

Para isto a entidade municipal deberá achegar o seguinte:

- a. Unha petición formal, motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias:
 - Necesidade de adaptar o proxecto ás especificacións técnicas, legais ou regulamentarias aprobadas despois da concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
 - Necesidade de cumprir coas cautelas ou cos requirimentos impostos nas autorizacións sectoriais outorgadas despois da concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
 - Necesidade de corrixir o proxecto ou a memoria por erros ou omisións cometidos na redacción e postos de manifesto con posterioridade á concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
 - Necesidade de readaptar, redefinir ou variar algún dos conceptos subvencionados recollidos no proxecto ou memoria antes da licitación do investimento.
 - Calquera outra circunstancia debidamente motivada e xustificada.



- b. O acordo ou a resolución do órgano competente do Concello que aproba as variacións operadas no proxecto e o documento técnico ou memoria valorada ou descritiva do investimento que se vai levar a cabo.

Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón unha alteración orzamentaria con respecto ao proxecto inicial, o órgano competente da Deputación autorizará, tras a aprobación por parte do Concello, o proxecto reformulado sen modificar o contido económico da resolución ou do acordo de concesión.

Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, **supón a minoración do custo do proxecto e da subvención concedida**, o órgano competente da Deputación autorizará o proxecto reformulado e modificará a resolución ou o acordo de concesión. Así mesmo, o Concello poderá solicitar a aplicación do importe sobrante:

- No financiamento dunha nova solicitude de subvención dentro da liña 1, cos límites cuantitativos previstos en función da tipoloxía do investimento.
- Na minoración da achega municipal financiada con fondos propios do Concello dunha obra incluída no Plan +Provincia 2026-2027.

Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, **supón un incremento do custo do proxecto**, o órgano competente da Deputación autorizará o proxecto reformulado e modificará a resolución ou o acordo de concesión. Así mesmo, o Concello poderá financiar a variación económica á alza con:

- Fondos propios do Concello.
- Créditos dispoñibles tras a desistencia (total ou parcial) dun investimento dentro da liña 1.
- Créditos dispoñibles tras a desistencia (total ou parcial) dun gasto dentro das liñas 2 e 3 ou cos sobrantes destas liñas; sempre que se solicite dentro do exercicio orzamentario e no prazo que se estipula nos capítulos que regulan cada unha destas liñas.
- Crédito dispoñible tras a desistencia (total ou parcial) á redacción dun proxecto dentro da liña 4 ou co sobranse desta liña.
- Importes das baixas definitivas con independencia do remanente acumulado.

O descrito nos puntos que anteceden dará lugar ao incremento da subvención concedida.

Nos investimentos de carácter bienal, plurianual ou que se ten este carácter a súa execución/financiamento se realice en vario exercicios , se a reformulación do proxecto técnico modifica a programación, xa sexa como consecuencia da alteración das previsións de gasto dalgunha das anualidades inicialmente fixadas ou pola minoración ou ampliación do número de exercicios ao que afecte a plurianualidade (sen exceder os catro anos), a Deputación, de ser o caso, autorizará o proxecto reformulado e a modificación do acordo de concesión respectando en todo caso o disposto na base décimo novena e o recollido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL.

Non será posible o pagamento da subvención mentres a Deputación non autorice o proxecto reformulado.



Por isto, a reformulación do proxecto técnico deberá comunicárselle á Deputación tras a súa aprobación por parte do Concello, en todo caso, antes do inicio do procedemento de xustificación, para os efectos de que a entidade provincial poida proceder á súa autorización e, de ser o caso, á modificación da resolución ou do acordo de concesión con suficiente antelación.

Trixésimo segunda. Baixas definitivas

Enténdese por baixa definitiva a determinada coa certificación última ordinaria ou, no seu caso, coa certificación final, logo da xustificación total do investimento e unha vez fiscalizada a documentación xustificativa coa conformidade da Intervención provincial.

A baixa definitiva poderá aplicarse no financiamento de novos investimentos. Enténdese por novo investimento toda nova proposta do Concello que non garda relación coas obras incluídas inicialmente no Plan +Provincia 2026-2027.

Para poder destinar unha baixa definitiva a financiar un novo investimento, o importe individual ou acumulado da baixa no exercicio correspondente e do proxecto será igual ou superior a dez mil euros (10.000,00 €) se se destina a financiar unha obra e de cinco mil euros (5.000,00 €) se se aplica a financiar subministracións, propiedades inmateriais que se adxudiquen mediante un contrato de servizos e adquisición de bens inmobles. Polo tanto, permítese a acumulación das baixas no exercicio correspondente ata acadar o importe mínimo de dez mil euros (10.000,00 €) ou de cinco mil euros (5.000,00 €) segundo a tipoloxía do novo investimento que se pretende realizar. Os aforros por liquidación poden incrementárselle ao importe da baixa definitiva.

Non se poderá incrementar o importe das baixas definitivas co resultado das descertificacións.

No caso dos investimentos bienais 2026-2027, a baixa aplicarase proporcionalmente a cada exercicio de acordo coa porcentaxe de financiamento de cada anualidade. Non se poderá acumular o crédito das baixas do 2026 co do 2027.

No caso das subvencións concedidas co obxecto de financiar as achegas municipais para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra, Plan extraordinario de infraestruturas deportivas), programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións públicas, a baixa definitiva total reverterá en cada exercicio e plan ou Administración en función da porcentaxe de financiamento.

Nos investimentos en obras plurianuais onde o Plan +Provincia 2026-2027 financia unha ou dúas anualidades de execución, o remanente definitivo, se o houbese, non se poderá determinar ata a liquidación do investimento na anualidade de execución que corresponda. Se tras a liquidación resultase un remanente a favor do Concello por importe igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), habilitarase o procedemento oportuno para que este remanente se poida aplicar no financiamento dun novo investimento.

Do mesmo modo, de detectarse variacións das medicións que supoñan unha menor execución imputable a un período subvencionado, xustificado e aboado, poderase iniciar o procedemento de reintegro dos importes que no seu caso correspondan.

Para a tramitación destas baixas esixírase:



- A petición expresa por parte do Concello.
- A documentación dos novos investimentos que se pretenden financiar conforme o establecido na base vixésimo novena.

O reinvestimento destas baixas requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe favorable de supervisión dos proxectos, memorias valoradas que se financian coa aplicación das baixas.
- Informes favorables do Servizo de Cooperación e da Intervención.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que autoriza o reinvestimento da baixa nos novos investimentos.

De non acadarse o importe mínimo de dez mil euros (10.000,00 €) ou de cinco mil euros (5.000,00 €), segundo a tipoloxía do investimento que se pretende realizar, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento, en concreto:

- No financiamento das asistencias técnicas ou de calquera gasto inherente á execución da obra, sempre e cando estes gastos non estean contemplados no acordo ou na resolución de concesión da subvención e fosen obxecto dunha contratación externa.
- No financiamento dos excesos de medicións.
- Cando se trate dun investimento financiado con fondos propios do Concello, na minoración da achega municipal.

Nestes casos, o Concello comunicaralle formalmente á Deputación o emprego da baixa no financiamento dalgún ou da totalidade dos custos anteriores. Non será necesaria a resolución ou o acordo do órgano competente da Deputación no que se autorice o seu emprego, e aboarase xunto coa certificación última ordinaria ou a certificación final.

Non obstante, permítese a acumulación das baixas definitivas a favor do Concello no exercicio correspondente, con independencia do importe do remanente acumulado, cando o seu obxecto sexa minorar, a ser posible ata a súa anulación, as achegas municipais con fondos propios do Concello de calquera obra incluída inicialmente no Plan +Provincia 2026-2027, ao considerar que estas obras non teñen a consideración de novos investimentos.

Estas achegas poden estar contempladas no acordo ou na resolución pola que se concede a subvención; poden ser froito dunha modificación do acordo ou da resolución de concesión pola necesidade de reformular o proxecto cando a devandita reformulación implique un incremento do custo deste; ou poden ser por causa da tramitación dun modificado ou dunha liquidación. Nestes casos, a Deputación ditará o acordo ou a resolución que corresponda no que se autorice o emprego da baixa.

Trixésimo terceira. Baixa teórica no financiamento de novos investimentos

Enténdese por baixa teórica a producida coa adxudicación do contrato, sen necesidade de esperar a certificación última ordinaria ou a certificación final e a xustificación do investimento.

Enténdese por novo investimento toda proposta do Concello que non garde relación coas obras incluídas inicialmente no Plan +Provincia 2026-2027.



No caso dos investimentos bienais 2026-2027, a baixa teórica aplicarase en cada exercicio en función da porcentaxe de financiamento, logo do compromiso por parte do órgano de contratación do Concello de asumir con fondos propios calquera incidencia que poida dar lugar a un incremento no custo do investimento.

No caso das subvencións concedidas co obxecto de financiar as achegas municipais para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra, Plan extraordinario de infraestruturas deportivas), programas ou convenios da propia Deputación, o reinvestimento da baixa teórica axustarase ao disposto no plan que se está a cofinanciar. Se este admite o reinvestimento da baixa teórica, esta aplicarase no exercicio e no plan correspondente en función da porcentaxe de financiamento, logo do compromiso por parte do órgano de contratación do Concello de afrontar con fondos propios calquera incidencia que dea lugar a un incremento no custo do investimento. De non se regular no plan que se está a cofinanciar o reinvestimento da baixa teórica, non se poderá facer uso dela.

No caso das subvencións concedidas con obxecto de financiar as achegas municipais para investimentos subvencionados maioritariamente por outras administracións públicas, a baixa teórica reverterá no exercicio e na Administración correspondente en función da porcentaxe de financiamento, logo do compromiso por parte do órgano de contratación do Concello de asumir con fondos propios calquera incidencia que dea lugar a un incremento no custo do investimento.

Non se permite dispoñer das baixas teóricas acadadas coa adxudicación do contrato no caso dos investimentos que se tramiten como gasto plurianual e onde o Plan +Provincia 2026-2027 financia unha ou dúas anualidades de execución. O remanente, de existir, determinarase coa liquidación na anualidade de execución que corresponda. Se tras a liquidación resultase un remanente a favor do Concello por un importe igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), habilitarase o procedemento oportuno para que este remanente se poida aplicar no financiamento dun novo investimento.

Do mesmo modo, de detectarse variacións das medicións que supoñan unha menor execución imputable a un período subvencionado, xustificado e aboado, poderase iniciar o procedemento de reintegro dos importes que no seu caso correspondan.

O Concello pode solicitar o reinvestimento das baixas teóricas en financiar un único investimento en subministracións, en propiedades inmateriais que se adxudiquen mediante un contrato de servizos ou na adquisición de bens inmobles cando o importe individual ou acumulado da baixa no exercicio correspondente acade os cinco mil euros (5.000,00 €) e non exceda dos dez mil euros (10.000,00 €).

Así mesmo, o Concello pode solicitar o reinvestimento das baixas teóricas en financiar un único investimento en obras, subministracións, propiedades inmateriais que se adxudiquen mediante un contrato de servizos ou na adquisición de bens inmobles cando o importe individual ou acumulado da baixa no exercicio correspondente acade os dez mil euros (10.000,00 €) e non exceda os vinte mil euros (20.000,00 €).

As baixas teóricas, individuais ou acumuladas, do exercicio correspondente superiores a vinte mil euros (20.000,00 €) poderanse aplicar en financiar diferentes investimentos en obras,



subministracións, propiedades inmateriais que se adxudiquen mediante un contrato de servizos e adquisición de bens inmobles, sempre que se respecte o importe mínimo de dez mil euros (10.000,00 €) no caso de reinvestimento en obras e de cinco mil euros (5.000,00 €) no caso de reinvestimento no resto de actuacións.

A baixa teórica debe ser reinvestida na súa totalidade e o órgano de contratación do Concello deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios, o incremento de custo derivado da posible tramitación dun modificado, dun exceso de medición ou das asistencias técnicas non contempladas no acordo ou na resolución de adxudicación.

Para a tramitación destas baixas esixirase:

- A petición expresa por parte do Concello.
- Os acordos de adxudicación dos contratos.
- O compromiso do órgano de contratación de asumir con fondos propios do Concello as incidencias que poidan dar lugar a un incremento do custo da obra principal (modificados, excesos de medición ou asistencias técnicas non contempladas no acordo de adxudicación).
- A documentación dos novos investimentos que se pretenden financiar conforme o establecido na base vixésimo novena.

O reinvestimento das baixas teóricas requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Resolución presidencial pola que se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para financiar os novos investimentos que pretende acometer o Concello. Con carácter excepcional atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- Informes favorables de supervisión dos proxectos, memorias valoradas que se financian coa aplicación das baixas teóricas do Servizo de Cooperación e da Intervención.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que autoriza o reinvestimento da baixa nos novos investimentos.

Trixésimo cuarta. Excesos de medición e modificación dos contratos

Se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

Para a tramitación do modificado o Concello deberá cumprir o especificado no artigo 207 da LCSP, tendo que achegar:

- A petición da entidade municipal na que se solicita a tramitación do proxecto modificado.
- O informe de solicitude de modificado elaborado pola dirección de obra que deberá estar explicitamente motivado conforme os artigos 204 e 205 da LCSP.
- O proxecto modificado en formato PDF debidamente asinado que deberá incorporar o correspondente cadro comparativo de orzamentos e, de ser o caso, a acta de prezos



contraditorios. Así mesmo, no caso de modificado en obras, deberase cumprir o especificado no artigo 242 da LCSP.

- O acordo de adxudicación do investimento e, de ser o caso, o contrato.
- A aprobación do proxecto modificado polo órgano de contratación.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente conforme o proxecto modificado cumpre o disposto na LCSP.

A conformidade co proxecto modificado pola Deputación esixirá un trámite interno que se axustará ao seguinte procedemento:

- Os informes de supervisión do proxecto modificado polas persoas facultativas técnicas dos servizos provinciais de Cooperación e de Intervención.
- Autorización do modificado polo órgano competente da Deputación.

Cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o Concello empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato, en caso de contar con ela, a financiar o modificado.

De non existir baixa de adxudicación ou, de habela, resultar insuficiente, o Concello poderá solicitar o emprego das baixas definitivas ao seu favor procedentes doutros investimentos (con independencia do remanente acumulado) ou asumir o financiamento do importe que corresponda.

Nos proxectos de obras de carácter bienal ou plurianual, a modificación do proxecto técnico que lle afecte ao programa de desenvolvemento dos traballos, ao plan de obra fixado inicialmente ou ás porcentaxes ou anualidades de gasto plurianual deberá respectar o disposto na base décimo novena e no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, o que deberá ser informado pola Intervención municipal ou pola Secretaría-intervención.

Enténdese por exceso de medicións a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, e sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 % do prezo do contrato inicial.

Os excesos de medicións deberán recollerse na certificación final e acompañarse do respectivo informe xustificativo emitido pola dirección de obra.

Os excesos de medición que se financien contra a baixa acadada na adxudicación do contrato do propio investimento aboaranse unha vez supervisada a certificación final polas persoas facultativas técnicas do Servizo de Cooperación e fiscalizada pola Intervención; non será necesaria a autorización previa do reinvestimento polo órgano competente da Deputación.

No caso dos investimentos bienais ou plurianuais, os excesos de medición recolleranse na certificación final que se incorporará na última anualidade de execución ou financiamento do investimento. De ser o caso, os excesos de medición aboaranse coa baixa dispoñible na última anualidade de execución ou financiamento do investimento de carácter bienal ou plurianual.



Os excesos de medición que se financien coas baixas definitivas a favor do Concello (con independencia do remanente acumulado) do exercicio correspondente procedentes doutros investimentos incluídos no Plan +Provincia 2026-2027 precisarán dunha autorización previa do órgano competente da Deputación.

As partidas alzadas deberán xustificarse de acordo cos prezos unitarios de proxecto. A introdución de prezos novos deberá axustarse ao procedemento previsto no artigo 154 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e ás limitacións previstas no artigo 242.4.ii da LCSP. A inclusión de prezos novos que superen os referidos límites legais deberá tramitarse como modificación do proxecto.

Nos investimentos en obras de carácter plurianual onde o Plan +Provincia 2027-2027 financia unha ou dúas anualidades de execución, en caso de detectárense variacións das medicións que supoñan unha menor execución imputable a un período xustificado, subvencionado e aboado, poderá dar lugar ao inicio do procedemento para esixir o reintegro do importe que, no seu caso, corresponda.

Trixésimo quinta. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da LSG e, en particular, a:

1. Destinar o importe das subvencións outorgadas a cumprir o total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
2. Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
3. Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles sexa requirida pola institución provincial e no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra.
5. Designar a persoa ou persoas que exerzan a dirección de obra cando o Concello sexa a entidade contratante. Calquera cambio na dirección técnica comunicaráse igualmente ao organismo provincial.
6. Realizar o pagamento a acredores ou provedores o antes posible e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a recepción dos fondos da subvención outorgada pola Deputación.
7. Cumprir a normativa de contratación e demais normativa aplicable.
8. Obter e cumprir os requisitos e condicionamentos derivados dos permisos e autorizacións de carácter sectorial.
9. Comunicarlle á Deputación calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente antelación, se poida modificar o contido da resolución ou do acordo de concesión e mais a xustificación dos correspondentes gastos.



10. Comunicarlle á Deputación os actos relativos ao inicio, execución, finalización e inauguración dos investimentos financiados con este plan, nos termos recollidos na base vixésimo oitava. O incumprimento da obriga de efectuar as comunicacións ou convites oficiais dará lugar á imposición das deducións acumulativas que se establecen na devandita base que, de ser o caso, poderían supoñer a perda total do dereito ao cobro da subvención concedida.
11. Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.
12. Cumprir as obrigas de difusión dándolle a adecuada publicidade ao financiamento obtido da Deputación. Para isto, o Concello debe:
 - Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, notas de prensa, redes sociais ou páxina web, entre outras) o apoio económico da Deputación; de ser o caso, incluírase o logotipo coa imaxe institucional da citada institución nun lugar visible.
 - Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde a sinatura da acta de comprobación de implantación ou desde o inicio da obra ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel que se axustará ao disposto no manual de identidade corporativa da citada institución.
 - Facerse cargo dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación.
 - No caso de obras en infraestruturas ou dotacións, o cartel colocárase a carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situárase ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.
 - Nas instalacións deportivas colocárase un cartel na entrada do recinto.
 - Nos investimentos en equipamentos coma parques infantís ou iluminación pública colocárase o cartel de obra para equipamentos.
 - Nas subministracións que constitúan un investimento en si mesmas (contedores de lixo, mobiliario administrativo, mobiliario urbano, vehículos) debe figurar nun sitio visible o adhesivo ou o rótulo co logotipo da Deputación.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa.

En todo caso, a publicidade das subvencións deberá realizarse conforme o manual de identidade corporativa que se atope vixente e publicado na páxina web da Deputación no momento da concesión das subvencións; documento que servirá de referencia á hora de poñer en práctica todas as accións de publicidade e difusión ás que obriga o actual marco normativo.

O incumprimento do deber de darlle publicidade ás subvencións concedidas, tanto no relativo á colocación do cartel de obra no momento da sinatura da acta de comprobación de implantación como a calquera outra obriga relacionada coa difusión pública, dará lugar á imposición das deducións que se establecen na base vixésimo oitava e, no seu caso, á perda do dereito ao cobro da subvención concedida.



Trixésimo sexta. Lugar, prazo e xustificación das subvencións

A documentación xustificativa presentárase obrigatoriamente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) a través do modelo “achega de documentación xustificativa” dispoñible en “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude” no citado enderezo web, segundo o previsto na base décimo terceira.

Os investimentos imputados á anualidade 2026 (incluída a anualidade de execución dun investimento bienal ou plurianual) **deberán estar executados a 31 de decembro de 2027 e xustificados a 31 de maio de 2028.**

Os investimentos imputados á anualidade 2027 (incluída a anualidade de execución dun investimento bienal ou plurianual) **deberán estar executados a 31 de decembro de 2028 e xustificados a 31 de maio de 2029.**

As subvencións concedidas co obxecto de financiar as achegas municipais para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra, Plan extraordinario de infraestruturas deportivas), programas ou convenios da propia Deputación, rexeranse na súa execución e xustificación polas normas do plan que se está a cofinanciar. Non obstante, de se contemplar neses plans, programas ou convenios diferentes prazos en materia de execución e presentación da documentación xustificativa con respecto ao Plan +Provincia 2026-2027, tomarase en consideración o plan que contemple o prazo máis restritivo.

As subvencións concedidas co obxecto de financiar as achegas municipais para investimentos (de carácter bienal, plurianual ou non) financiados maioritariamente por outras administracións públicas, rexeranse na súa execución e xustificación polo disposto na presente base en función da anualidade á que se impute o gasto.

A documentación xustificativa será comprobada polo Servizo de Cooperación e pola Intervención da institución provincial. Os investimentos realizados estarán sometidos á comprobación explícita da execución por parte dos servizos técnicos da Deputación, que verificarán as certificacións das obras e as facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo. Así mesmo, poderánselles solicitar informes a outros servizos da institución provincial competentes en razón da materia.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, reserva as facultades de inspección e comprobación das obras.

O pagamento das subvencións efectuarase á vista das certificacións de obra emitidas nos modelos normalizados da Deputación ou similares, das facturas das subministracións, das facturas polos servizos prestados no caso das propiedades inmateriais ou das escrituras de compravenda no caso da adquisición de bens inmobles.

O pagamento das subvencións imputables a cada exercicio farase de acordo coa porcentaxe de subvención determinada na fase de concesión. En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento que se tivo en conta para a concesión, o pagamento das subvencións reducirase proporcionalmente.

O Concello poderá presentar xustificacións parciais axustadas ao ritmo de execución do investimento.



Xustificación dos investimentos en obras imputables a un único exercicio e dos investimentos bienais con financiamento 2026-2027

Coa primeira xustificación dos investimentos en obras achegárase a seguinte documentación:

- A certificación de obra no modelo normalizado da Deputación ou similar e a factura correspondente.
- En caso de que o expediente contemple expropiacións, o Concello achegará a aprobación do expediente de expropiación e as actas de ocupación.
- O acordo municipal de aprobación da ou das certificacións de obra ou facturas correspondentes.
- O acordo ou a resolución de adxudicación do contrato.
- O informe da Secretaría do Concello ou da técnica ou técnico municipal sobre as melloras ofertadas ou, de ser o caso, sobre a inexistencia de melloras.
- Cando sexa obrigatorio, o contrato ou, de ser o caso, a aceptación da resolución ou do acordo de adxudicación polo contratista adxudicatario.
- O nomeamento da asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- A acta de comprobación da implantación, cando non se presentase con anterioridade, consonte o establecido na base vixésimo oitava.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación mediante fotografías do panel de obra, se non se presentou con anterioridade, consonte o establecido na base vixésimo oitava.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos que para cada procedemento se establecen na lexislación de contratos.
- O acordo ou a resolución de aprobación do proxecto, a acta de implantación e as copias das autorizacións sectoriais que correspondan cando a concesión da subvención quedase condicionada á aprobación do proxecto e á obtención desas autorizacións.

As sucesivas certificacións, nos modelos normalizados ou similares, acompañaranse das facturas e do acordo municipal de aprobación das certificacións ou facturas correspondentes.

Coa última certificación ordinaria no modelo normalizado ou similar entregarase:

- A factura.
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente.
- O informe final da dirección de obra, independentemente de que haxa ou non variación na execución con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións nas medicións. Se o informe de fin de obra recolle variacións que dean



lugar a excesos de medición (liquidación), este acompañarase da certificación final, da correspondente factura e a súa aprobación.

- En caso de habelas, a xustificación das melloras ofertadas e executadas.
- No caso daqueles proxectos cuxa execución estivese suxeita ao cumprimento de autorizacións sectoriais que contemplasen a imposición de condicionamentos ou cautelas, o informe da dirección de obra ou do persoal facultativo técnico municipal relativo ao efectivo axuste dos investimentos realizados á normativa sectorial.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos establecidos para cada procedemento na lexislación de contratos. Non será preciso remitir este certificado se xa se fixo coa primeira xustificación.
- A acta de recepción no modelo normalizado ou similar. As persoas asinantes estarán debidamente identificadas coa expresión do seu cargo.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación mediante fotografías do panel de obra. Non será preciso remitir esta documentación cando xa se achegase coa primeira xustificación.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- Calquera outra documentación que resulte esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación do investimento ou que se considere necesaria para comprobar que se executou adecuadamente.

Se a subvención concedida contempla o financiamento dos custos derivados das asistencias técnicas (redacción do proxecto, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde...) ou se o Concello solicita o seu financiamento contra a baixa de adxudicación, este deberá achegar, para a súa xustificación:

- A factura pola asistencia técnica.
- O acordo ou a resolución de aprobación da factura.
- O acordo ou a resolución de adxudicación do gasto, se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- Nos casos en que sexa obrigatorio, o contrato ou a aceptación do acordo ou a resolución de adxudicación por parte do adxudicatario.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que na adxudicación do gasto se respectaron os requisitos mínimos establecidos na lexislación de contratos.

Xustificación dos investimentos en obras de carácter plurianual



Se a subvención outorgada pola Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, financia a primeira anualidade de execución dun proxecto de obra plurianual, e/ou unha ou unhas anualidades de execución posterior á primeira excepto a última, o Concello achegará:

- As certificacións de obra e as facturas correspondentes á ou ás anualidades de execución que se financian a través do Plan +Provincia 2026-2027. En caso de existir anualidades de execución anteriores ao exercicio 2026 (por exemplo, do 2025), para os efectos da comprobación da correcta execución, incorporaranse as certificacións de obra de cada anualidade de acordo co cadro de financiamento por anualidades aprobado polo órgano competente do Concello, agás que xa consten no Servizo de Cooperación.
- O acordo ou a resolución de aprobación das certificacións de obra da ou das anualidades que se financian a través do Plan +Provincia 2026-2027.
- O acordo ou a resolución de adxudicación do contrato.
- O contrato.
- O informe da Secretaría do Concello ou da técnica ou técnico municipal sobre as melloras ofertadas ou, de ser o caso, sobre a inexistencia de melloras.
- O nomeamento da asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- O acordo ou a resolución de aprobación do proxecto, a acta de implantación e as copias das autorizacións sectoriais que correspondan, sempre que a concesión da subvención quedase condicionada á aprobación do proxecto e á obtención desas autorizacións.
- A acta de comprobación da implantación.
- O certificado de terminación da ou das anualidades subvencionadas a través do Plan +Provincia 2026-2027. Neste documento a dirección de obra certificará que as unidades de obra correspondentes ao exercicio subvencionado se axustan ao cadro de financiamento por anualidades aprobado polo órgano competente do Concello.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación mediante fotografías do panel de obra, en caso de non presentarse con anterioridade consonte o establecido na vixésimo oitava.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente sobre a adecuación do procedemento de contratación da obra á normativa aplicable en materia de contratos.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente acreditativo de que a autorización do gasto plurianual se tramitou de conformidade co disposto no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL.

A xustificación das asistencias técnicas, con independencia de se estas están contempladas na resolución ou no acordo de concesión ou se financian contra a baixa de adxudicación, requirirá a presentación da seguinte documentación.



- A factura pola asistencia técnica.
- O acordo ou a resolución de aprobación da factura.
- O acordo ou a resolución de adxudicación do gasto, se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- Nos casos en que sexa obrigatorio, o contrato ou a aceptación do acordo ou a resolución de adxudicación por parte do adxudicatario.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que na adxudicación do gasto se respectaron os requisitos mínimos establecidos na lexislación de contratos.

Se, de acordo coa programación do gasto por anualidades, a obra debe finalizar no exercicio 2028 ou mesmo nun exercicio posterior, unha vez finalizado e recibido o investimento, o Concello deberá achegar:

- O informe final da dirección de obra, independentemente de que haxa ou non variación na execución con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións nas medicións. Se o informe fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición (liquidación), este acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.
- En caso de habelas, a xustificación das melloras ofertadas e executadas.
- No caso daqueles proxectos plurianuais cuxa execución estivese suxeita ao cumprimento de autorizacións sectoriais que contemplasen a imposición de condicionamentos ou cautelas, o informe da dirección de obra ou do persoal facultativo técnico municipal relativo ao efectivo axuste do investimento realizado á normativa sectorial.
- A acta de recepción.
- Calquera outra documentación que resulte esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación do investimento ou que se considere necesaria para comprobar a súa correcta execución.

En caso de detectárense variacións das medicións que supoñan unha menor execución imputable ao período subvencionado, xustificado e aboado, así como de constatarse que a obra financiada non se finalizou ou non reúne os requisitos necesarios para a recepción e, por conseguinte, para a entrega ao uso ou servizo público, poderase iniciar o expediente para esixir o reintegro dos importes que no seu caso correspondan.

Se a subvención outorgada pola Deputación a través do Plan +Provincia 2026-2027 financia a última ou as últimas anualidades de execución dun proxecto de obra plurianual, o Concello achegará:

- As certificacións de obra e as facturas correspondentes á última anualidade de execución que se financia a través do Plan +Provincia 2026-2027. Non obstante, para os efectos da comprobación da correcta execución, incorporaranse as certificacións de obra das anualidades anteriores de acordo coa distribución do gasto plurianual, agás que xa consten no Servizo de Cooperación.



- O acordo ou a resolución de aprobación das certificacións de obra que se financian a través do Plan +Provincia 2026-2027.
- O acordo ou a resolución de adxudicación do contrato.
- O contrato.
- O nomeamento da asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- A acta de comprobación de implantación.
- O informe final da dirección de obra, independentemente de que haxa ou non variación na execución con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións nas medicións. Se o informe de fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición (liquidación), este acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.
- En caso de habelas, a xustificación das melloras ofertadas e executadas.
- A acta de recepción.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación mediante fotografías do panel de obra.
- O certificado de terminación da anualidade subvencionada a través do Plan +Provincia 2026-2027. Neste documento a dirección de obra certificará que as unidades de obra correspondentes ao exercicio subvencionado se axustan ao cadro de financiamento por anualidades aprobado polo órgano competente do Concello.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente sobre a adecuación do procedemento de contratación da obra á normativa aplicable en materia de contratos.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente acreditativo de que a autorización do gasto plurianual se tramitou de conformidade co disposto no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL.
- No caso daqueles proxectos plurianuais cuxa execución estivese suxeita ao cumprimento de autorizacións sectoriais que contemplasen a imposición de condicionamentos ou cautelas, o informe do persoal facultativo técnico municipal relativo ao efectivo axuste do investimento realizado á normativa sectorial.
- Calquera outra documentación que resulte esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación do investimento ou que se considere necesaria para comprobar a súa correcta execución.

A xustificación das asistencias técnicas, con independencia de se estas están contempladas na resolución ou no acordo de concesión ou se financian contra a baixa de adxudicación, requirirá a presentación da seguinte documentación.

- A factura pola asistencia técnica.
- O acordo ou a resolución de aprobación da factura.



- O acordo ou a resolución de adxudicación do gasto, se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- Nos casos en que sexa obrigatorio, o contrato ou a aceptación do acordo ou a resolución de adxudicación por parte do adxudicatario.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que na adxudicación do gasto se respectaron os requisitos mínimos establecidos na lexislación de contratos.

En caso de constatare que a obra financiada non reúne os requisitos necesarios para a recepción e, por conseguinte, para a entrega ao uso ou servizo público, poderase iniciar o expediente para declarar a perda do dereito ao cobro do importe que no seu caso corresponda.

En caso de detectárense variacións das medicións que supoñan unha menor execución imputable ao período xustificando e subvencionado, minorarase proporcionalmente a subvención que se aboará.

Xustificación dos investimentos en obras que se adxudiquen mediante contratos menores

No caso dos investimentos en obras que se adxudiquen mediante contratos menores, definidos no artigo 118 da LCSP, esixirase:

- A certificación de obra e a factura ou soamente a factura, que deberá reunir os requisitos (especialmente en canto á esixencia de detallar as unidades, os conceptos e os prezos unitarios etc.) que se recollen nos artigos 6 e seguintes do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Deben evitarse conceptos con obxectos indeterminados, difusos e xenéricos que dificulten a comprobación formal e material do investimento.
- O acordo ou a resolución de aprobación da certificación de obra ou da factura.
- O acordo ou a resolución de autorización e disposición do gasto para realizar un contrato menor, cando o seu custo sexa igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- O nomeamento da asistencia técnica á dirección de obra; agás cando pola técnica sinxela da obra e pola súa escasa entidade construtiva e económica non se precise contar de oficio con dirección facultativa de obra, do que se deixará constancia no expediente.
- De contar con ela, a acta de comprobación da implantación.
- De contar con ela, a acta de recepción no modelo normalizado ou similar. Non obstante, a acta de recepción pódese substituír pola factura conformada da persoa funcionaria municipal encargada da comprobación material, na que se indique o seu nome, cargo e sinatura. Este trámite constituirá a constatación do cumprimento do contrato.
- O informe final da dirección de obra ou, no seu caso, do persoal técnico municipal independentemente de que haxa ou non variación na execución con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións nas medicións. Se o informe de fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición



(liquidación), este acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.

- No caso daquelas memorias valoradas cuxa execución estivese suxeita ao cumprimento de autorizacións sectoriais que contemplasen a imposición de condicionamentos ou cautelas, o informe da dirección de obra ou do persoal facultativo técnico municipal relativo ao efectivo axuste dos investimentos realizados á normativa sectorial.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación mediante fotografías do panel de obra.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos establecidos na lexislación de contratos.
- A xustificación das asistencias técnicas esixirá a presentación das correspondentes facturas e a súa aprobación polo órgano competente do Concello. Se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €), incorporarase o acordo ou a resolución de adxudicación do gasto e o certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que na adxudicación se respectaron os requisitos mínimos establecidos na lexislación de contratos.

Xustificación de investimentos en subministracións

Para xustificar os investimentos en subministracións, o Concello deberá achegar:

- A factura correspondente, que deberá reunir os requisitos (especialmente en canto á esixencia de detallar as unidades, os conceptos e os prezos unitarios etc.) que se recollen nos artigos 6 e seguintes do citado Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro. Deben evitarse conceptos con obxectos indeterminados, difusos e xenéricos que dificulten a comprobación formal e material do investimento.
- O acordo ou a resolución de aprobación da factura.
- O acordo ou a resolución de adxudicación do contrato. No caso dos investimentos en subministracións que se adxudiquen mediante contratos menores, o acordo ou a resolución de autorización e disposición do gasto para realizar un contrato menor cando o seu custo sexa igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- Cando sexa obrigatorio, o contrato ou, de ser o caso, a aceptación do acordo ou a resolución de adxudicación por parte do contratista adxudicatario.
- A acta de recepción no modelo normalizado ou similar. As persoas asinantes estarán debidamente identificadas coa expresión do seu cargo. Non obstante, nos contratos menores, a acta de recepción pódese substituír pola factura conformada da persoa funcionaria municipal encargada da comprobación material, na que se indique o seu nome, cargo e sinatura. Este trámite constituirá a constatación do cumprimento do contrato.



- No caso das subministracións que pola súa situación estivesen suxeitas ao cumprimento de autorizacións sectoriais que contemplasen a imposición de condicionamentos ou cautelas, o informe do persoal facultativo técnico municipal relativo ao efectivo axuste do elemento subministrado á normativa sectorial.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, o detalle do financiamento obtido.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinale que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos establecidos para cada procedemento na lexislación de contratos.
- En caso de que a subvención contemplase o financiamento da asistencia á redacción da memoria valorada ou se o seu custo se pretendese financiar contra a baixa acadada na adxudicación do contrato, a xustificación da asistencia técnica esixirá a presentación da correspondente factura e a súa aprobación polo órgano competente do Concello. Se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €), incorporárase o acordo ou a resolución de adxudicación do gasto e o certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinale que na adxudicación se respectaron os requisitos mínimos establecidos na lexislación de contratos.

Xustificación da adquisición de bens inmoables

Para xustificar a merca dun ben inmoable, o Concello achegará:

- A escritura pública de compravenda. En caso de que a adquisición do ben inmoable se financie como gasto plurianual, a escritura de compravenda deberá conter expresamente o importe e o prazo de pagamento das anualidades. A falta da escritura pública dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención concedida.
- Se a adquisición do ben inmoable se realiza mediante un procedemento de expropiación, o Concello achegará a aprobación do expediente de expropiación e as actas de ocupación.
- Os gastos notariais, rexistrals, periciais etc. contemplados na subvención, que se xustificarán mediante a presentación da correspondente factura e a súa aprobación polo órgano competente do Concello.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, o detalle do financiamento obtido.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinale que a compra do inmoable se axustou ao disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, ou ao recollido na normativa que lle sexa de aplicación.



- No caso da adquisición de bens inmobles de carácter plurianual achegárase, ademais, o certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente acreditativo de que a autorización do gasto se tramitou de conformidade co disposto no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL.
- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento obtido da Deputación mediante a fotografía do panel que deberá estar instalado nun lugar visible do inmovible ou a través de calquera outra manifestación que permita o investimento (difusión na páxina web, nota de prensa...).
- En caso de que a subvención contemplase o financiamento da asistencia á redacción da memoria xustificativa e valorada ou se o seu custo se pretende financiar contra a baixa acadada na adxudicación do contrato, a xustificación da asistencia técnica esixirá a presentación da correspondente factura e a súa aprobación polo órgano competente do Concello. Se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €), incorporárase o acordo ou a resolución de adxudicación do gasto e o certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que na adxudicación se respectaron os requisitos mínimos establecidos na lexislación de contratos.

Xustificación da propiedade inmaterial que se adxudique mediante contratos de servizos

A xustificación dos investimentos en propiedade inmaterial que se adxudique mediante un contrato de servizos, requirirá:

- A factura correspondente, que deberá reunir os requisitos (especialmente en canto á esixencia de detallar as unidades, os conceptos e os prezos unitarios etc.) que se recollen nos artigos 6 e seguintes do Real decreto 1619/2012. Deben evitarse conceptos con obxectos indeterminados, difusos e xenéricos que dificulten a comprobación formal e material do investimento.
- O acordo ou a resolución de aprobación da factura.
- O acordo ou a resolución de adxudicación do contrato. No caso dos investimentos en propiedade inmaterial que se adxudiquen mediante contratos menores, o acordo ou a resolución de autorización e disposición do gasto para realizar un contrato menor cando o seu custo sexa igual ou superior a seis (6.000,00) mil euros.
- Cando sexa obrigatorio o contrato ou, de ser o caso, a aceptación do acordo ou a resolución de adxudicación por parte do contratista adxudicatario.
- Cando o obxecto da subvención sexa a redacción de plans especiais ou instrumentos reguladores do uso do solo, edificacións ou o desenvolvemento do municipio, o acordo do órgano competente do Concello de aprobación do devandito plan ou instrumento.
- A acta de recepción no modelo normalizado ou similar. As persoas asinantes estarán debidamente identificadas coa expresión do seu cargo. Non obstante, nos contratos menores, a acta de recepción pódese substituír pola factura conformada da persoa funcionaria municipal encargada da comprobación material, na que se indique o seu nome, cargo e sinatura. Este trámite constituirá a constatación do cumprimento do contrato.



No caso de que o obxecto da subvención sexa o desenvolvemento dun programa informático a medida, a acta de recepción ou, de ser o caso, a factura conformada acompañarase dun informe da técnica ou técnico municipal no que se indicará que o software deseñado especificamente para as necesidades do Concello é funcional e operativo.

- A acreditación da publicidade que se lle deu ao financiamento da Deputación.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos establecidos para cada procedemento na lexislación de contratos.
- En caso de que a subvención contemplase o financiamento da asistencia á redacción da memoria valorada e xustificativa do servizo ou se o seu custo se pretende financiar contra a baixa acadada na adxudicación do contrato, a xustificación da asistencia técnica esixirá a presentación da correspondente factura e a súa aprobación polo órgano competente do Concello. Se o custo da asistencia técnica é igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €), incorporarase o acordo ou a resolución de adxudicación do gasto e o certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que na adxudicación se respectaron os requisitos mínimos establecidos na lexislación de contratos.

Na xustificación dos investimentos nas súas diferentes tipoloxías é importante respectar o prazo de execución segundo a anualidade á que se impute o gasto e o prazo de entrega da documentación xustificativa.

A non xustificación do gasto, a execución do investimento subvencionado máis alá do prazo de execución establecido nesta base ou a falta da escritura pública de compravenda dun ben inmovible dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.

O incumprimento do deber de darlle publicidade ás subvencións concedidas, e en particular á colocación do cartel de obra no momento da sinatura da acta de comprobación de implantación, dará lugar á imposición das deducións que se establecen na base vixésimo oitava e, no seu caso, á perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo inicialmente establecido dará lugar a un requirimento para que se presente no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo establecido no requirimento dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada.



CAPÍTULO II. LIÑA 2: AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS, FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, INCLUÍDOS OS CONTRATOS DE SERVIZOS QUE SE ESTIMEN NECESARIOS PARA DESENVOLVER AS DEVANDITAS PRESTACIÓNS, OBRAS PUNTUAIS QUE NON TEÑEN A CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTOS E GASTOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA OU SOCIAL, ENTRE OUTRAS, DOS CONCELLOS

Trixésimo sétima. Obxecto

Serán subvencionables as seguintes tipoloxías de gasto:

- Amortización extraordinaria do endebedamento con entidades financeiras.
- Pagamento de débedas a acredores de investimentos e de gasto corrente.
- Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións.
- Obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos.
- Gasto corrente derivado da programación de actos culturais, deportivos, sociais etc.

Amortización extraordinaria do endebedamento con entidades financeiras

Mediante esta liña de subvencións, o Concello poderá realizar un pagamento adicional para reducir o seu endebedamento coas entidades financeiras. Para iso deberá elaborar unha certificación onde se fagan constar a entidade financeira coa que se concertou o préstamo, o tipo de operación, a data de concertación, o importe, o prazo de amortización e o importe pendente de amortizar. Tamén se deberá certificar que a débeda que se pretende amortizar é a que ten as condicións máis gravosas para o Concello en termos económicos.

Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e de investimentos

O Concello deberá elaborar unha certificación das facturas, que deberán estar conformadas, presentadas no seu rexistro xeral ata o 31 de decembro de 2025, este incluído, e que estean pendentes do recoñecemento da obriga no momento de elaborar a mencionada certificación.

No suposto de que os concellos soliciten o traspaso do 30 % do crédito da liña 1 á liña 2, deberase incorporar á certificación, con referencia á data de expedición desta, a indicación de se os devanditos gastos están incluídos ou son susceptibles de incorporación nalgún mecanismo de pago a provedores convocado pola Administración estatal. Isto será informado polos concellos no momento de presentar a solicitude de subvención e será comprobado pola Deputación con carácter previo á concesión, tomando como data de referencia o 30 de xuño de 2026 ou a data da proposta de concesión, de ser esta posterior.

No certificado deberán separarse as facturas que se lle imputan ao capítulo II do Orzamento municipal e as que se lle imputan ao capítulo VI, e para cada débeda indicaranse, entre outros datos, a data de entrada no rexistro do Concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor ou acredor e o importe (co IVE incluído). Relacionaranse e aboaranse segundo a orde de entrada no rexistro municipal.



Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións, e obras puntuais que non teñen a consideración de investimento

No suposto de que o Concello opte por esta tipoloxía de gasto, deberá elaborar unha proposta orientativa e valorada dos gastos correntes asociados ao funcionamento dos servizos públicos municipais no exercicio de 2026.

Serán subvencionables os gastos correntes e de funcionamento derivados da realización das actuacións incluídas no capítulo II do orzamento de gastos. Poderían incluírse, entre outros:

- Os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida de lixo, iluminación pública, telefonía, combustibles, repostos de maquinaria, de utensilios e elementos de transporte etc.
- Reparacións, mantemento e conservación da rede viaria municipal (rozas, limpeza...), parques públicos, infraestruturas, edificios e locais, maquinaria etc.
- Os gastos en obras puntuais necesarias para o funcionamento ou para a prestación dun servizo público pero que pola súa escasa entidade non teñen a consideración de investimento (por exemplo, o tapado de fochas).
- Gastos de funcionamento de conservatorios, escolas de música e escolas deportivas de titularidade municipal, agás os gastos de persoal.
- Os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver os servizos municipais.
- Achegas a entes supramunicipais ou outras que realice o servizo.
- En xeral, todos aqueles gastos directamente asociados ao funcionamento dos servizos de competencia municipal.

Os gastos imputables nesta liña deberán desenvolverse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, con independencia da data de emisión da factura.

Os contratos que fosen necesarios para realizar estes gastos terán que axustarse aos procedementos regulados na lexislación de contratos.

En todo caso, os gastos que teñan un importe igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €) deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto en atención á natureza da prestación, con independencia do adxudicatario, que pode ser o mesmo ou non. O incumprimento desta obriga será causa da perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

A subvención para financiar o gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións, e obras puntuais que non teñen a consideración de investimento deben solicitarse nun único expediente.



Gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, dos concellos

Poderanse incluír dentro desta liña os gastos derivados da programación de actividades culturais e sociais sempre que sexan organizadas directamente polo Concello, entre outros:

- Os gastos que contribúan á divulgación da cultura e do desenvolvemento educativo e social das persoas do municipio, coma celebracións, exposicións, publicacións, certames, mostras, eventos musicais e teatrais, encontros, conferencias, festexos tradicionais, viaxes culturais, cursos de formación, actividades de promoción de hábitos saudables e de loita contra a violencia de xénero e calquera actividade cultural, social ou educativa semellante ás sinaladas.
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento e á promoción do deporte municipal, coma competicións, campus deportivos, ligas e outros de natureza semellante.
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento turístico do municipio e dos seus recursos, coma feiras, mostras, congresos, material gráfico, publicacións e festas de carácter singular que constitúan un instrumento de promoción turística.
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento e á sensibilización ambiental das persoas do municipio.
- Calquera outro de natureza análoga aos definidos.

As actividades incluídas nesta liña deberán realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, con independencia da data de emisión da factura, que poderá ser anterior á data de presentación da solicitude de subvención na Sede electrónica da Deputación.

As actividades poderá desenvolverlas directamente o Concello ou contratarse externamente.

Os contratos que fosen necesarios para realizar as actividades deberán axustarse aos procedementos regulados na lexislación de contratos. En todo caso, os gastos que teñan un importe igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €) deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto en atención á tipoloxía da prestación con independencia do adxudicatario que pode ser o mesmo ou non. O incumprimento desta obriga será causa da perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

A subvención con destino ao financiamento de gastos derivados da programación de actividades culturais, deportivas ou sociais, entre outras, debe solicitarse nun único expediente.

Trixésimo oitava. Documentación

O Concello interesado presentará o formulario de solicitude de subvención e a documentación que se refire deseguido segundo a tipoloxía do gasto.

Amortización extraordinaria da débeda con entidades financeiras

- Un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente de acordo co anexo IV, no que se faga constar o seguinte:



- A cantidade que se solicita se corresponde cunha débeda pendente de amortizar; para iso, indicárase a entidade financeira e as demais características da operación de crédito ou préstamo cuxa débeda, total ou parcial, se pretende amortizar.
- A débeda que se pretende amortizar é a que ten condicións máis gravosas para o Concello en termos económicos (comisións, tipos de xuros etc.) e, polo tanto, resulta máis vantaxoso amortizala primeiro.

Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos

- Un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente de acordo co anexo V, no que se faga constar o seguinte:
 - A relación de facturas ou certificacións pendentes de pagamento, con data de entrada no rexistro xeral do Concello ata o 31 de decembro de 2025, este incluído, onde se indique a súa correcta identificación e se expresen a data de expedición e a de rexistro, o número, a identificación do acredor ou proveedor, a imputación ao capítulo II ou VI do Orzamento municipal, o resumo dos conceptos e o importe con IVE, no seu caso.
 - Que as facturas conformadas que se relacionan están pendentes de recoñecemento da obriga e que non existen no día 31 de decembro de 2025 outros acredores ou provedores que teñan preferencia para o pagamento das súas débedas.
 - Que os devanditos gastos ou investimentos non están incluídos nin son susceptibles de incorporación nalgún mecanismo de pago a provedores convocado pola Administración estatal, no suposto de que os concellos soliciten o traspaso do 30 % do crédito da liña 1 á liña 2.
 - Que o aboamento das facturas conformadas se realizará por orde de entrada no rexistro do Concello.

Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións, e obras puntuais que non teñen a consideración de investimento

- Unha proposta orientativa e valorada dos gastos correntes dos servizos municipais que se van prestar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026 e que se pretenden financiar a través desta subliña; indicárase expresamente a cantidade total solicitada.
- No caso de que a proposta orientativa contemple o financiamento de obras puntuais que non teñan a consideración de investimento (mantementos, rozas, limpeza da rede viaria), o Concello achegará o informe da ou do técnico municipal onde se indique se a execución da obra precisa (ou non) de autorizacións sectoriais. En caso de ser precisas, tamén o seu detalle e a documentación que acredite que se solicitaron ante o organismo correspondente.

A subvención que se solicite a través desta tipoloxía deberá contemplar a mesma porcentaxe de financiamento en todos os gastos que se recollan na proposta orientativa.



O cambio de gasto dentro desta tipoloxía non terá consideración de cambio de finalidade ou destino, sempre que respecte o importe e a porcentaxe de financiamento e se xustifique na memoria final.

Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, do Concello

- Unha proposta orientativa e valorada das actividades que se desenvolverán no Concello entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, e que se pretenden financiar a través desta subliña; indicárase expresamente a cantidade total solicitada.

A subvención que se solicite a través desta tipoloxía deberá contemplar a mesma porcentaxe de financiamento en todas as actividades que se recollan na proposta orientativa.

O cambio de actividades dentro desta tipoloxía non terá a consideración de cambio de finalidade ou destino, sempre que respecte o importe e a porcentaxe de financiamento e se xustifique na memoria final.

Cando se cubra a documentación, débense ter en conta as seguintes instrucións:

Os certificados asinaraos a secretaria ou o secretario do Concello e a persoa que teña atribuída a representación legal ou delegada a competencia. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Os informes e certificados de carácter económico ou orzamentario asinaraos a Intervención municipal ou a Secretaría-Intervención.

As declaracións, compromisos e outros documentos asinaraos a alcaldesa ou o alcalde ou a persoa en quen delegue.

A documentación deberá presentarse de forma electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a institución poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas achegase a documentación presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

En caso de que o conxunto de documentos que se deben presentar de forma electrónica superase o tamaño máximo de 50 Mb admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación electrónica separada da solicitude a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Trixésimo novena. Modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións outorgadas por desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, e antes de que conclúa o prazo para a realización dos gastos ou das actividades obxecto de subvención ou, en todo caso, antes do 1 de novembro de 2026, sempre e cando non se prexudiquen intereses de



terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada. O Concello solicitará un cambio de destino cando pretenda aplicar o crédito dispoñible por mor da desistencia ao financiamento dun investimento ao abeiro da liña 1 ou a unha tipoloxía de gasto diferente á inicialmente subvencionada.

A modificación do destino das subvencións concedidas (cambio de finalidade) estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Petición formal por parte do Concello e escrito no que se motiven as circunstancias que xustifican o cambio de finalidade.
- Acordo do órgano competente do Concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de finalidade.
- Documentación relativa ás actividades, débedas ou gastos correntes que se pretenden financiar ao abeiro da liña 2 co crédito dispoñible a causa da desistencia. O Concello achegará, en función da tipoloxía de gasto, a documentación sinalada na base trixésimo oitava.

En caso de que o crédito dispoñible por causa da desistencia se lle aplique ao financiamento de investimentos, a documentación presentárase en función da súa tipoloxía conforme ao establecido na base vixésimo novena. A petición de cambio de finalidade con destino ao financiamento dun investimento ao abeiro da liña 1 debe presentarse antes do 1 de novembro de 2026.

O Concello tamén poderá aplicar o crédito dispoñible por mor da desistencia na minoración da achega con fondos propios do Concello dun investimento incluído na liña 1 do plan, respectando o prazo estipulado no parágrafo anterior.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe do Servizo de Cooperación relativo á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade.
- Informe favorable da Intervención provincial á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade.
- Resolución presidencial pola que acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para o financiamento das novas propostas que pretende acometer o Concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- En caso de que o crédito dispoñible por mor da desistencia se aplicase a financiar investimentos, o informe favorable de supervisión do proxecto, documento técnico ou análogo descritivo da actuación que se vai levar a cabo.



- Resolución ou acordo, por razón do importe da nova concesión, do órgano competente da Deputación no que se autorice o cambio de destino.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de destino pola desistencia (total ou parcial) da finalidade subvencionada acompañarase, en todo caso, das solicitudes de subvención que se pretenden financiar segundo a tipoloxía do gasto ou do investimento.

Non procede a modificación do acordo ou da resolución de concesión nas tipoloxías de gasto “Amortización extraordinaria de débedas con entidades financeiras” e “Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e de investimentos”, por canto nestes casos as subvencións se lles anticipan e se lles transfíren aos concellos tras a súa concesión. Para estes efectos, o cambio de finalidade implicaría primeiro o inicio do procedemento de reintegro da subvención concedida.

Os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación do procedemento de modificación das resolucións ou acordos de concesión por desistencia (total ou parcial) da finalidade subvencionada deberán realizarse electronicamente a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Cuadraxésima. Modificación da resolución ou do acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin a contía subvencionada

Non será necesario solicitar a modificación do acto de concesión das subvencións outorgadas para gastos correntes e actividades cando as variacións se produzan entre os conceptos e os créditos incluídos na proposta orientativa e valorada, ao ter esta proposta carácter estimativo. Polo tanto, admítense compensacións entre conceptos e créditos incluídos na proposta a fin de adaptarse ás circunstancias concretas de cada Concello.

As compensacións entre conceptos e créditos deberán respectar a porcentaxe de financiamento que se recollese na proposta orientativa inicial.

As eventualidades ou circunstancias que afectasen ao desenvolvemento da actividade ou o gasto subvencionado e que dean lugar a compensacións entre partidas ou reprogramacións detallaranse na memoria final descritiva e valorada dos gastos e das actividades realizadas, que se presentará coa documentación xustificativa.

Con todo, cando na xustificación da subvención se poña de manifesto que se produciron modificacións relevantes (entendendo por modificación relevante a inclusión dalgún concepto novo dentro dalgunha actividade ou gasto, ou dunha nova actividade ou gasto non recollido na proposta orientativa presentada coa solicitude de subvención), o órgano competente poderá aceptar a xustificación presentada mediante a resolución de aprobación da conta xustificativa.



Cuadraxésimo primeira. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios das subvencións concedidas no marco da liña 2, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir co establecido no artigo 11 da LSG e, en particular, a:

1. Destinar o importe das subvencións ao cumprimento das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
2. Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
3. Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles requira a institución provincial no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra.
5. De ser necesario, efectuar a contratación dos gastos e das actividades programadas de acordo coa lexislación de contratos. En todo caso, os gastos que teñan un importe igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €) deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto en atención á tipoloxía da prestación. Exceptúanse desta obriga as subvencións que se destinen a aprobar o recoñecemento de obrigas de xustificantes de gasto de exercicios pechados.
6. Cumprir os requisitos e condicionamentos derivados das autorizacións e permisos de carácter sectorial.
7. Comunicarlle á Deputación, no momento de achegar a documentación xustificativa, calquera eventualidade ou circunstancia que afecte o desenvolvemento da finalidade subvencionada, co obxecto de que, de ser necesario, se poida modificar o contido da resolución ou do acordo de concesión e mais a xustificación dos correspondentes gastos.
8. Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.
9. Cumprir as obrigas de publicidade, que serán as seguintes:
 - a. Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados.
 - b. Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.
 - c. No caso das axudas concedidas ao abeiro da liña 2 con destino á amortización extraordinaria do endebedamento con entidades financeiras ou con destino ao pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos, a publicidade debe facerse, preferentemente, a través da páxina web do Concello, indicando o financiamento obtido da Deputación.



- d. No resto das axudas concedidas no marco da liña 2, a publicidade debe facerse mediante anuncios na táboa de edictos, carteis, folletos, páxina web do Concello ou prensa local, nos que se indique o financiamento da Deputación.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa. Para estes efectos, no enderezo <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa> atópase o *Manual de identidade corporativa da Deputación de Pontevedra*, no que se recollen as directrices que se deben seguir no relativo á publicidade.

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Cuadrexésimo segunda. Pagamento e xustificación da subvención

A documentación xustificativa presentárase obrigatoriamente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) a través do modelo “achega de documentación xustificativa” dispoñible en “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude” no citado enderezo web, segundo o previsto na base décimo terceira.

As actuacións subvencionadas deben xustificarse nos prazos que se sinalan a continuación, segundo a natureza das distintas liñas de subvención.

Amortización extraordinaria de débeda con entidades financeiras. O prazo para efectuar o pagamento é dun (1) mes desde o cobramento da subvención e, para presentar a documentación xustificativa, **ata o 30 de novembro de 2026.**

Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e de investimentos. O prazo para efectuar o pagamento é dun (1) mes desde o cobramento da subvención e, para presentar a documentación xustificativa, **ata o 30 de novembro de 2026.**

Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións, e obras puntuais que non teñen a consideración de investimento. O gasto terá que estar executado o **31 de decembro de 2026** e xustificado o **31 de marzo de 2027.**

Gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, dos concellos. A actividade terá que estar executada o **31 de decembro de 2026** e xustificada o **31 de marzo de 2027.**

Amortización extraordinaria de débeda con entidades financeiras

A Deputación transferiralle ao Concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención. Para a súa xustificación deberase achegar a seguinte documentación:



- A certificación da persoa funcionaria competente que acredite o pagamento ou a amortización da débeda e a súa data.

Así mesmo, achegarase un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se faga constar que:

- Non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Os correspondentes xustificantes do pagamento realizado figuran no expediente administrativo e están á disposición da Deputación para o seu exame se así o solicitase.
- Se lle deu publicidade á subvención obtida segundo se sinala no informe da técnica ou técnico municipal, polo que se cumpriron as obrigas de difusión esixidas nas bases.

Só se terán en conta os pagamentos que se axusten aos mesmos conceptos que se inclúsen na solicitude de subvención. Para estes efectos, o importe xustificado calcularase sumando exclusivamente a contía dos conceptos subvencionados, sen ter en conta outros pagamentos.

En caso de que o Concello non xustificase a amortización da débeda coa entidade financeira ou xustificase un importe inferior á cantidade transferida pola Deputación, iniciárase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

Efectuar a amortización extraordinaria transcorrido un (1) mes desde o cobramento da subvención dará lugar a unha dedución acumulativa do 5 % da contía subvencionada por cada mes ou fracción de atraso; cantidade que deberá ser reintegrada.

Non achegar a documentación xustificativa no prazo estipulado nesta base implicará un requirimento por parte da Deputación para que se presente nun prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da xustificación no prazo do requirimento dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada, que deberá ser reintegrada.

O incumprimento do deber de darlle publicidade á subvención concedida dará lugar ao reintegro desta.

Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e de investimentos

A Deputación transferiralle ao Concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención. Para a súa xustificación achegarase:

- A certificación da funcionaria ou funcionario público competente que acredite a aprobación do gasto e o pagamento realizado aos acredores ou provedores e na que tamén se estableza a data de pagamento.

Así mesmo, achegarase un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se faga constar que:



- Non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo . En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Os correspondentes xustificantes do pagamento realizado figuran no expediente administrativo e están á disposición da Deputación para o seu exame se así o solicitase.
- Se lle deu publicidade á subvención obtida segundo se sinala no informe da técnica ou técnico municipal, polo que se cumpriron as obrigas de difusión esixidas nas bases.

Só se terán en conta os pagamentos que se axusten aos mesmos provedores ou acredores que se inclúsen na solicitude de subvención. Para estes efectos, o importe xustificado calcularase sumando exclusivamente a contía dos conceptos subvencionados, sen ter en conta outros pagamentos.

En caso de que o Concello non xustificase o pagamento das débedas ou xustificase un importe menor á cantidade transferida pola Deputación, iniciárase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

Efectuar o pagamento transcorrido un (1) mes desde o cobramento da subvención dará lugar a unha dedución acumulativa do 5 % da contía subvencionada por cada mes ou fracción de atraso; cantidade que deberá ser reintegrada.

Non achegar a documentación xustificativa no prazo estipulado nesta base implicará un requirimento por parte da Deputación para que se presente nun prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da xustificación no prazo do requirimento dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada, que deberá ser reintegrada.

O incumprimento do deber de darlle publicidade á subvención concedida dará lugar ao reintegro desta.

Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos de servizos que se estimen necesarios para desenvolver as devanditas prestacións, e obras puntuais que non teñen a consideración de investimento

No caso do gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais só procederá pagar a subvención despois de presentada a xustificación. Para a xustificación achegarase a seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (coa identificación do acredor e do documento, do importe, da data de emisión e, se é posible, da data na que se pagou).



- Memoria final descritiva e detallada dos gastos realizados. Nesta memoria xustificaranse as desviacións producidas con respecto á proposta orientativa achegada coa solicitude de subvención.
- Facturas que deberán cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012.
- A certificación do acordo ou da resolución de aprobación das facturas polo órgano competente do Concello.
- O informe da ou do técnico municipal conforme se cumpriron os requisitos e condicionamentos establecidos nas autorizacións sectoriais, en caso das obras puntuais que non teñen a consideración de investimentos (mantementos, rozas, limpeza da rede viaria...) e estean suxeitas ao cumprimento de normativa sectorial.
- No caso dos gastos iguais ou superiores a seis mil euros (6.000,00 €), a certificación do acordo ou resolución de autorización e disposición do gasto.

Así mesmo, presentarase un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se faga constar que:

- Os xustificantes de gasto relacionados na conta xustificativa se corresponden cos gastos reais e se procedeu ao recoñecemento da obriga de gasto correspondente, polo que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.
- Os correspondentes xustificantes de gasto figuran no expediente administrativo e están á disposición da Deputación para o seu exame se así o solicitase.
- Non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Se lle deu difusión á subvención obtida segundo se sinala no informe da técnica ou técnico municipal, polo que se cumpriron as obrigas de difusión esixidas nas bases.

O Concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución dos gastos.

En caso de que se xustifique un custo total menor ao contemplado na proposta orientativa e valorada, o pagamento da subvención minorarase proporcionalmente.

Se logo da xustificación resultase un sobranse, individual ou acumulado, no caso de existir varios expedientes de concesión, igual ou superior a mil euros (1.000,00 €), o Concello poderá empregalo no financiamento dun gasto ou dunha actividade dentro da liña 2. Ao se trataren de gastos ou actuacións que deben desenvolverse dentro do ano natural, a solicitude e a documentación que corresponda debe achegarse antes do 1 de novembro de 2026.

Se o importe do sobranse individual ou acumulado, en caso de existir varios expedientes de concesión, fose igual ou superior a cinco mil euros (5.000,00 €) ou a dez mil euros (10.000,00



€), o Concello, consonte o disposto na base trixésimo segunda, poderá empregalo no financiamento dun novo investimento dentro da liña 1, para o que achegará a documentación que corresponda segundo a tipoloxía do investimento.

Así mesmo, o Concello poderá empregar o sobrante ao seu favor na minoración da achega con fondos propios deste dun investimento incluído no plan.

Non obstante, o traspaso de crédito cara á liña 1 debe producirse dentro do exercicio orzamentario 2026. En consecuencia, a documentación necesaria para conceder a subvención ao abeiro da liña 1 deberá achegarse antes do 1 de novembro de 2026.

Por último, non achegar a documentación xustificativa no prazo estipulado nesta base implicará un requirimento por parte da Deputación para que se presente nun prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da xustificación nese período dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada.

En caso de que o Concello non xustificase a subvención concedida, presentase facturas ou documentos que contemplasen un prazo de execución máis alá do 31 de decembro de 2026, non dispuxese das resolucións ou acordos de adxudicación do gasto cando este sexa igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €) ou incumprise a obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento público recibido, dará lugar á perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.

Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, dos concellos

No caso do gasto corrente derivado da prestación de actividades culturais, deportivas ou sociais, entre outras, dos concellos, só procederá pagar a subvención despois de presentar a xustificación. Para a xustificación achegarase o seguinte:

- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total das actividades realizadas e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (coa identificación do acredor e do documento, do importe, da data de emisión e, se é posible, da data na que se pagou).
- Memoria final descritiva e detallada das actividades realizadas, na que se xustificarán as desviacións producidas con respecto á proposta orientativa achegada coa solicitude de subvención.
- Facturas, que deberán cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012.
- A certificación do acordo ou resolución de aprobación das facturas polo órgano competente do Concello.
- No caso dos gastos iguais ou superiores a seis mil euros (6.000,00 €), a certificación do acordo ou da resolución de autorización e disposición do gasto.



Así mesmo, presentarase un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se faga constar que:

- Os xustificantes de gasto relacionados na conta xustificativa se corresponden cos gastos reais e se procedeu ao recoñecemento da obriga de gasto correspondente, polo que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.
- Os correspondentes xustificantes de gasto figuran no expediente administrativo e están á disposición da Deputación para o seu exame se esta o solicitase.
- Non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Se lle deu difusión á subvención obtida segundo se sinala no informe da técnica ou técnico municipal, polo que se cumpriron as obrigas de difusión esixidas nas bases.

O Concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución das actividades programadas.

En caso de que se xustifique un custo total menor ao contemplado na proposta orientativa e valorada, o pagamento da subvención minorarase proporcionalmente.

Se logo da xustificación resultase un sobranse, individual ou acumulado, en caso de existir varios expedientes de concesión, igual ou superior a mil euros (1.000,00 €), o Concello poderá empregalo no financiamento dun gasto ou dunha actividade dentro da liña 2. Ao tratarse de gastos ou actuacións que deben desenvolverse dentro do ano natural, a solicitude e a documentación que corresponda debe achegarse antes do 1 de novembro de 2026.

Se o importe do sobranse individual ou acumulado, en caso de existir varios expedientes de concesión, fose igual ou superior a cinco mil euros (5.000,00 €) ou a dez mil euros (10.000,00 €), o Concello, consonte o disposto na base trixésimo segunda, poderá empregalo no financiamento dun novo investimento dentro da liña 1, para o que achegará a documentación que corresponda segundo a tipoloxía do investimento.

Así mesmo, o Concello poderá empregar o sobranse ao seu favor na minoración da achega con fondos propios deste dun investimento incluído no plan.

Non obstante, o traspaso de crédito cara á liña 1 debe producirse dentro do exercicio orzamentario 2026. En consecuencia, a documentación necesaria para a concesión da subvención ao abeiro da liña 1 deberá achegarse antes do 1 de novembro de 2026.

Por último, non achegar a documentación xustificativa no prazo estipulado nesta base implicará un requirimento por parte da Deputación para que se presente nun prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da xustificación no prazo do requirimento dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada.



En caso de que a entidade municipal non xustificase a subvención concedida, presentase facturas ou documentos que contemplasen un prazo de execución máis alá do 31 de decembro de 2026; non dispuxese das resolucións ou acordos de adxudicación do gasto cando este sexa igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €) ou incumprise a obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento público recibido, dará lugar á perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.



CAPITULO III. LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026

Cuadraxésimo terceira. Obxecto

A través desta liña subvencionarase a contratación de persoas desempregadas, por parte dos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable e tendo en conta os seguintes requisitos:

- Ser prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.
- Favorecer na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.
- Ser prestados ou executados no ámbito municipal.
- Responder a necesidades de persoal urxentes e inaprazables; é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para desempeñar as súas competencias en termos razoables de eficacia.
- Que esas necesidades afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza; tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de Goberno.

As subvencións comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (de calquera categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos no parágrafo seguinte destas bases; en todo caso, respectaranse o salario mínimo interprofesional en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables de acordo coa categoría profesional da persoa traballadora. Os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Non son subvencionables, entre outros conceptos, as indemnizacións por cesamento da actividade, as compensacións por vacacións non gozadas, as gratificacións ou os complementos que se aboan a criterio da entidade municipal.

As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para estes efectos, nos que farán referencia aos requisitos e ás características que deben reunir as persoas que se van contratar para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.



Os concellos beneficiarios serán os que realicen a selección definitiva das persoas candidatas, de conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución pola que se conceda a subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- Persoas en desemprego de longa duración.
- Mulleres con baixa cualificación.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Mozas e mozos, especialmente con baixa cualificación.
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.
- Vítimas de violencia de xénero.
- Persoas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.
- Persoas con niveis de renda máis baixos.

Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizar como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a súa subvencionabilidade poida exceder este período.

Os concellos deberán contratar o persoal a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dadas de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial.

A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e a persoa traballadora non vinculará a Deputación de Pontevedra.

A subvención para este programa deberá solicitarse nun único expediente.

Cuadraxésimo cuarta. Documentación

A subvención para a liña 3, de activación do emprego, debe solicitarse nun único expediente. O Concello interesado, ademais da solicitude de subvención, presentará a seguinte documentación:

- Memoria global das actuacións que se van desenvolver, na que se indiquen o perfil (categoría profesional) e o número de persoas desempregadas que se van contratar, a desagregación do orzamento por persoa traballadora e o importe da subvención por cada unha delas.



- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente, de acordo co anexo VI, no que se faga constar:
 - O acordo do órgano competente do Concello de que se aprobou a solicitude de subvención coa indicación da súa denominación e de que se cumpren as condicións establecidas nas bases reguladoras; en concreto, que esta solicitude responde a necesidades de persoal urxentes e inaprazables en sectores, funcións e categorías profesionais indispensables para satisfacer as necesidades básicas da veciñanza ou para asegurar o funcionamento regular da entidade e dos seus órganos de Goberno.
 - A aprobación da memoria descritiva na que se determine o número das persoas desempregadas que se van contratar e o seu perfil (categoría profesional).
 - A colaboración no financiamento da actuación proposta cos fondos económicos necesarios cando haxa cofinanciamento por parte da entidade municipal; o órgano que adopta a resolución ou o acordo será o competente para comprometer a mencionada achega municipal.

Cando se cubra a documentación débense ter en conta as seguintes instrucións:

Os certificados asinaraos a secretaria ou o secretario do Concello e a persoa que teña atribuída a representación legal ou delegada a competencia. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Os informes e certificados de carácter económico ou orzamentario asinaraos a Intervención municipal ou a Secretaría-Intervención.

As declaracións, compromisos e outros documentos asinaraos a alcaldesa ou o alcalde ou a persoa en quen delegue.

A documentación deberá presentarse de forma electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a institución provincial poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas achegase a documentación presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

En caso de que o conxunto de documentos que se deben presentar de forma electrónica superase o tamaño máximo de 50 Mb admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación electrónica separada da solicitude a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Cuadraxésimo quinta. Modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións outorgadas por desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada



Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes do 1 de novembro de 2026, e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino cara á liña 1 pola desistencia (total ou parcial) da finalidade subvencionada.

Estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Achea da petición e escrito no que se motiven as circunstancias que xustifican o cambio de finalidade.
- O acordo ou a resolución do órgano competente do Concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de destino.
- Documentación relativa aos investimentos que se pretenden financiar co crédito dispoñible.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe do Servizo de Cooperación relativo á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade.
- Informe favorable da Intervención provincial á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade.
- Resolución presidencial pola que acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para financiar as propostas que pretenda acometer o Concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- Resolución ou acordo, por razón do importe da nova ou das novas concesións, do órgano competente da Deputación no que se autorice o cambio de destino.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada acompañarase, en todo caso, das solicitudes que se pretenden financiar, xunto coa documentación que corresponda segundo a tipoloxía do investimento. Esta documentación achegarase antes do 1 de novembro de 2026.

Así mesmo, o Concello poderá empregar o crédito ao seu favor na minoración da achega con fondos propios deste dun investimento incluído no plan.

Todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación do procedemento de modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada deberán realizarse electronicamente a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



Cuadraxésimo sexta. Modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións outorgadas, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada

Estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Acordo do órgano competente do Concello no que se aproben as variacións operadas na memoria global das actuacións.
- Petición por parte da entidade municipal, que deberá xustificarse adecuadamente con base en novas necesidades ou na conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas; en todo caso, as modificacións non lles deberán supoñer prexuízos a terceiras persoas e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

A modificación poderá implicar unha variación económica á alza, e o incremento de custo deberase financiar con:

- Fondos propios do Concello.

En caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante a financiar investimentos dentro da liña 1. Para isto, tras a notificación da modificación da resolución ou do acordo de concesión e, en todo caso, antes do 1 de novembro de 2026, o Concello deberá achegar a documentación que corresponda en función da tipoloxía do investimento.

Así mesmo, o Concello poderá empregar o crédito ao seu favor na minoración da achega con fondos propios deste dun investimento incluído no plan.

A modificación da resolución ou do acordo de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe da xefatura do Servizo de Cooperación.
- Informe favorable da Intervención provincial.
- Resolución ou acordo do órgano competente no que se autoriza a modificación do acordo ou da resolución de concesión.

Todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación do procedemento de modificación das resolucións ou dos acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada deberán realizarse electronicamente a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Cuadraxésimo sétima. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios da liña de subvencións para a activación do emprego, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da LSG e, en particular, a:



1. Destinar o importe das subvencións outorgadas a contratar persoas desempregadas para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.
2. Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
3. Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles requira a institución provincial, no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra.
5. Subscribir os contratos de acordo coa normativa laboral que resulta de aplicación e que cumpran cos requisitos e condicións consignados nestas bases.
6. Aboarlles ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e asumir, de ser o caso, a diferenza entre a cantidade subvencionada e os custos salariais e de seguridade social totais, de aplicarse o convenio colectivo propio do Concello.
7. Comunicarlle á Deputación as modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as persoas traballadoras contratadas, así como as renuncias e novos contratos polo tempo restante, co obxecto de que se poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións que se tivesen en conta para conceder a subvención.
8. Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.
9. De ser necesario, facilitarlles ás persoas contratadas a roupa de traballo uniformada e/ou os equipos de protección individual.
10. Cumprir as obrigas de publicidade, que serán as seguintes:
 - a. Darlle a adecuada publicidade ao financiamento da Deputación de Pontevedra para os contratos subvencionados.
 - b. Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación; isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa nun lugar visible.
 - c. No caso das axudas concedidas no marco do programa para a activación do emprego, a publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do Concello ou na prensa local, nos que se indique o financiamento da Deputación.

En todo caso, o Concello beneficiario deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra ao abeiro deste



programa, tanto nas comunicacións coma nas publicacións que se realicen por conta da entidade municipal, sexan estas internas ou externas.

Se as persoas contratadas usan equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada, deberase incluír neles a imaxe corporativa da Deputación.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa. Para estes efectos, no enderezo <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa> atópase o *Manual de identidade corporativa da Deputación de Pontevedra*, no que se recollen as directrices que se deben seguir no relativo á publicidade.

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Cuadrexésimo oitava. Pagamento e xustificación da subvención

O pagamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

- O 80 % ao inicio da actividade ou servizo, que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou polo persoal público competente.

Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberase identificar as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e mais a categoría profesional.

- O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, logo da presentación da documentación xustificativa final e da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e pola Intervención provincial.

No prazo máximo de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026), a entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria final sobre as actividades realizadas e a práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
- Certificación expedida pola Secretaría do Concello do acordo ou decreto adoptado polo órgano competente da entidade municipal ou do informe efectuado pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
- Certificación expedida pola Secretaría do Concello de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada; de que se cumpriron os requisitos e criterios sinalados nas bases e de que os xustificantes correspondentes quedarán á disposición da Deputación para o seu exame. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do



gasto total elixible realizado polo Concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.

- Certificación expedida pola Secretaría do Concello conforme non se percibiu ningunha subvención doutras entidades para financiar o programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100 % do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base cuadraxésimo sétima.

A xustificación sobre publicidade indicará os medios nos que se lle dese difusión e, no seu caso, achegarse a acreditación gráfica. No suposto de que a persoa contratada precisase empregar roupa uniformada e/ou equipos de protección individual, achegarse unha reportaxe fotográfica para verificar a inclusión neles da imaxe corporativa da Deputación.

A este respecto, a institución provincial poderá comprobar en calquera momento que se fixo a publicidade da subvención concedida nos termos previstos nestas bases e, de non ser así, non se procederá ao libramento desta ou, de ser o caso, procederase ao reintegro da axuda anticipada.

A documentación xustificativa presentarse obrigatoriamente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) a través do modelo “achega de documentación xustificativa” dispoñible en “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude” no citado enderezo web, segundo o previsto na base décimo terceira.

O pagamento da subvención farase de acordo coa porcentaxe de subvención determinada na fase de concesión. En caso de que o importe anticipado sexa superior ao xustificado, reintegrarase a cantidade que corresponda, de conformidade con estas bases nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Se tras a xustificación da liña 3 resultase un sobranse igual ou superior a cinco mil euros (5.000,00 €) ou a dez mil euros (10.000,00 €) a favor do Concello, este poderá empregalo no financiamento dun novo investimento dentro da liña 1, para o que achegará a documentación que corresponda segundo a tipoloxía do investimento.

Así mesmo, o Concello tamén poderá empregar o sobranse ao seu favor na minoración da achega con fondos propios deste dun investimento incluído no plan.

Non obstante, o traspaso de crédito cara á liña 1 debe producirse dentro do exercicio orzamentario 2026. En consecuencia, a documentación necesaria para a concesión da subvención ao abeiro da liña 1 deberá achegarse antes do 1 de novembro de 2026.

Por último, se se incumpre a finalidade na realización do gasto, se xustifican contratos cunha duración máis alá do período máximo subvencionable ou se incumpre a obriga de xustificación, dará lugar, segundo o caso, ao reintegro da axuda anticipada ou á perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.

O incumprimento da obriga de publicidade nos termos recollidos na presente base dará lugar ao reintegro da axuda anticipada e á perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.



Por último, non achegar a documentación xustificativa no prazo estipulado nesta base implicará un requirimento por parte da Deputación para que se presente nun prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da xustificación no prazo do requirimento dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada, que se detraerá do importe pendente de libramento.



CAPÍTULO IV. LIÑA 4: REDACCIÓN DE PROXECTOS PARA A TRANSFORMACIÓN DA MOBILIDADE EN ZONAS RURAIS E URBANAS E/OU PROXECTO DE CARÁCTER ESTRATÉXICO LOCAL QUE POSIBILITEN A TRANSFORMACIÓN E MODERNIZACIÓN DO MUNICIPIO

Cuadraxésimo novena. Obxecto e requisitos

A finalidade desta liña é impulsar a redacción de proxectos no exercicio 2026 para a recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, así como a creación de sendas peonís e/ou ciclables para implantar formas de desprazamento máis sostibles.

Así mesmo, co impulso por parte da Deputación de programas de subvencións destinados a financiar investimentos de carácter estratéxico local que posibiliten a transformación e modernización do municipio e que apelen a unha planificación por parte do Concello, e dado que a execución destes investimentos requiren da redacción de proxectos tecnicamente complexos polo seu papel motor na transformación, permitirase solicitar subvencións dentro da liña 4 con destino ao financiamento destes sempre que a súa redacción se inicie no exercicio 2026.

Establécense catro casuísticas:

- Caso 1. Recuperación para as persoas de espazos públicos ocupados por tráfico a motor. Os proxectos poden contemplar, entre outras, as seguintes actuacións:
 - A xeración de novas rúas e/ou espazos para as persoas.
 - A humanización de estradas e rúas existentes de forma total ou parcial.
 - A humanización doutros espazos.
 - A recuperación de espazos para as persoas.
 - En xeral, proxectos que favorezan o tránsito peonil e/ou en bicicleta fronte á mobilidade motorizada.
- Caso 2. Creación ou mellora de espazos segregados para a circulación peonil e/ou ciclable anexos ás vías que non contan nestes momentos cos espazos adecuados para estes usuarios. Os proxectos redactados poderán recoller:
 - A creación de sendas peonís e/ou ciclables segregadas en lugares onde non existen este tipo de infraestruturas.
 - A mellora de sendas peonís e/ou ciclables existentes que non teñen na actualidade as características adecuadas.
- Caso 3. A combinación de ambas as dúas casuísticas.
- Caso 4. Proxectos estratéxicos locais que permitan a modernización e transformación do municipio.

Os proxectos que se redacten deberán referirse a obras completas, é dicir, susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e redactaranse cumprindo a lexislación aplicable.

Serán subvencionables todos os custos necesarios para a correcta definición do proxecto, así como os custos preparatorios, coma os asociados a un concurso de ideas, os estudos xeotécnicos, topográficos, de tráfico... O Concello poderá contratar este tipo de traballos de



forma independente ou conxunta coa redacción do proxecto e deberá, en todo caso, especificarse na factura o título do proxecto para o cal se realiza o estudo.

Así mesmo, para cada casuística deberá cumprirse o que se indica a continuación:

Caso 1. Recuperación para as persoas de espazos públicos ocupados por tráfico a motor.

O proxecto que se redacte deberá cumprir os tres requisitos seguintes:

- O incremento do espazo peonil no ámbito de actuación debe ser como mínimo dun 50 % con respecto ao existente na actualidade.
- Os espazos peonís gañados terán unha superficie mínima de 300 metros cadrados. Esa superficie tamén pode ser o resultado de varias actuacións na mesma entidade singular de poboación (entendendo como tal calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada dentro deste e coñecida por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión), dentro dun proxecto global de recuperación de espazos.
- As obras deberán executarse sobre terreos propiedade do Concello; o ámbito de actuación deberá quedar perfectamente definido no proxecto. Non obstante, a titularidade deberá acreditarse cando o Concello decida acometer a obra.

Considerarase que existe un incremento do espazo peonil, ou que este se gaña, cando coa actuación contemplada no proxecto se derive un cambio de uso e pase a ser un espazo peonil en vez dun espazo usado por vehículos a motor. É dicir, nos espazos peonís existentes e nos espazos peonís gañados só estará permitido o uso de medios de mobilidade activa (camiñar e andar en bicicleta) e, excepcionalmente, o tráfico rodado de residentes, servizos e vehículos de emerxencia, aspecto que deberá sinalizarse de forma clara e precisa.

Caso 2. Creación ou mellora de espazos segregados para a circulación peonil e/ou ciclable anexos ás vías que non contan nestes momentos cos espazos adecuados para estes usuarios; o proxecto que se redacte cumprirá os seguintes requisitos:

- A senda peonil e/ou ciclable creada deberá ter unha lonxitude mínima de 100 metros e un ancho mínimo de 2,5 metros. Para estes efectos, a vía debe contar cun espazo paralelo de, como mínimo, 2,5 metros de ancho para poder destinala a este tipo de mobilidades.
- O Concello deberá ser titular dos terreos destinados á senda peonil e/ou ciclable que se pretende realizar paralela á vía existente; en caso de non selo, deberá contar coa autorización da Administración titular da vía ou acreditar que xa a solicitou.

Así mesmo, admitirase que o espazo que se gañe adxacente á vía se obteña mediante a cesión ou a expropiación, e as necesidades de terreo deberán quedar definidas no proxecto que se redacte. A cesión ou expropiación non será necesaria ata que, de ser o caso, o Concello decida acometer a obra.

Caso 3. Combinación de ambas as dúas casuísticas. Aceptarase que nun mesmo proxecto se combinen as dúas casuísticas anteriores. Neste caso, deberán cumprirse os requisitos indicados para a de maior importancia en termos de mobilidade e tamén o seguinte:



- Se o de maior importancia é o caso 1, a senda peonil e/ou ciclable deberá ter un ancho mínimo de 2,5 metros, pero non é preciso que acade os 100 metros de lonxitude, e manteranse o resto de requisitos.
- Se o de maior importancia é o caso 2, o incremento do espazo peonil pode ser inferior a 300 metros cadrados, e manteranse o resto de requisitos.

Caso 4. Proxectos de carácter estratéxico local que posibiliten a transformación e modernización do municipio. En relación ao carácter estratéxico dos proxectos, para os efectos da súa xustificación e acreditación na memoria xustificativa e no proxecto que se redacte, considéranse que reúnen tal carácter aqueles que cumpran algunha das seguintes condicións:

PROXECTOS ESTRATÉXICOS LOCAIS
• Os investimentos que sexan fundamentais ou decisivos para a mellora, desenvolvemento e/ou modernización dos servizos. • Os investimentos que supoñan unha mellora relevante en canto ao equilibrio territorial na prestación dos servizos. • Os investimentos que incidan de forma decisiva na mellora das prestacións dos servizos básicos ou esenciais recollidos no artigo 26 da LRBRL. • Os investimentos con repercusión relevante na prestación de servizos no ámbito superior ao municipal. • Os investimentos previstos nun plan estratéxico ou nun documento de planificación análogo, sempre que estean aprobados pola entidade local. • Os investimentos con transcendencia en sectores estratéxicos de ámbito local, supramunicipal ou comarcal que incentiven o desenvolvemento do territorio. • Os investimentos que redunden na capacidade do territorio para atraer e fixar poboación. • Os investimentos que teñan un compoñente vertebrador dos territorios e para fomentar a igualdade de oportunidades entre rural e urbano.

De precisárense, as necesidades de autorizacións sectoriais deberán quedar definidas no proxecto que se redacte. Non obstante, a súa petición ante a Administración ou entidade que corresponda non será necesaria ata que o Concello decida executar o proxecto.

Para todo o non previsto neste capítulo IV rexerá o resto destas bases reguladoras e a lexislación de contratos.

Quincuaxésima. Documentación

O Concello, tendo en conta a cantidade que lle corresponde na repartición ao abeiro da liña 4, poderá solicitar subvencións para redactar tantos proxectos como desexe, para o cal deberá presentar un formulario de solicitude independente por cada proxecto que se vaia redactar.



A solicitude de subvención acompañarase da seguinte documentación:

- A resolución ou o acordo do órgano competente do Concello no que se aprobe a solicitude de subvención e no que se indique o importe.
- Estimación do custo de redacción do proxecto.
- Memoria explicativa que conterá, como mínimo, a seguinte información:
 - Título do proxecto, resumo, obxecto e ámbito de actuación.
 - Memoria técnica e planos necesarios para a correcta valoración da actuación que se pretende realizar.

Ademais:

- Para os proxectos que se acollan ao caso 1: xustificación, mediante un cadro de superficies, de que o incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación acada o 50 % con respecto ao existente na actualidade e que os espazos gañados para as persoas e os peóns contan cunha superficie mínima de 300 metros cadrados.
- En caso de que o proxecto que se vai redactar inclúa unha combinación con actuacións do caso 2, xustificarse, ademais, que o ancho mínimo da senda peonil e/ou ciclable é de 2,5 metros.
- Para os proxectos que se acollan ao caso 2, xustificarse, mediante un cadro de dimensións, que a senda peonil e/ou ciclable que se vai crear ten unha lonxitude mínima de 100 metros e un ancho mínimo de 2,5 metros.
- En caso de que o proxecto que se vai redactar inclúa combinacións con actuacións do caso 1, xustificarse, ademais, que o incremento mínimo do espazo peonil no recinto no que se circunscriban as actuacións acada o 50 % con respecto ao existente na actualidade.
- Para os proxectos que se acollan ao caso 4, o Concello achegará unha memoria xustificativa do carácter estratéxico do investimento.

Cando se cubra a documentación, deberanse ter en conta as seguintes instrucións:

Os certificados asinaraos a secretaria ou o secretario do Concello e a persoa que teña atribuída a representación legal ou delegada a competencia.

Os informes e certificados de carácter económico ou orzamentario asinaraos a Intervención municipal ou a Secretaría-Intervención.

As declaracións, compromisos e outros documentos asinaraos a alcaldesa ou o alcalde ou a persoa en quen delegue.

A documentación deberá presentarse de forma electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a institución provincial poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas achegase a documentación presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.



En caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase o tamaño máximo de 50 Mb admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, deberá fraccionarse ou comprimirse en volumes de tamaño axeitado que eviten a perda das correspondentes sinaturas electrónicas. Permitirase a presentación electrónica separada da solicitude a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Quincuaxésimo primeira. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por cambio de destino

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para redactar o proxecto, e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada.

A modificación do destino das subvencións concedidas (cambio de finalidade) estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Petición do cambio de finalidade, que deberá vir motivada.
- Acordo do órgano competente do Concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de destino.

Ademais:

- Se o crédito dispoñible tras a desistencia se vai destinar a financiar a redacción dun novo proxecto coa mesma casuística ou doutro proxecto no que se contempla unha casuística diferente á subvencionada inicialmente, o Concello achegará a documentación que corresponda segundo o disposto na base quincuaxésima.
- Se o crédito dispoñible tras a desistencia se vai destinar a financiar un investimento ao abeiro da liña 1, o Concello achegará a documentación en función da tipoloxía do investimento, conforme o establecido na base vixésimo novena.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe do Servizo de Cooperación relativo á desistencia (total ou parcial).
- Informe favorable da Intervención provincial á desistencia (total ou parcial).
- Resolución presidencial pola que se acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para financiar outras liñas que pretenda acometer o Concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación, por razón do importe da nova concesión, no que se concede unha subvención por cambio de destino, logo dos informes favorables do Servizo de Cooperación e da Intervención provincial.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de destino pola desistencia (total ou parcial) da finalidade subvencionada acompañarase, en todo caso, das novas solicitudes de subvención xunto coa documentación que corresponda en función do investimento (liñas 1 e 4).



Quincuaxésimo segunda. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación da memoria explicativa sen variar a casuística subvencionada dentro da liña 4

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para redactar o proxecto, e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución de concesión pola reformulación da memoria explicativa ou xustificativa do carácter estratéxico sen variar a casuística subvencionada a causa, por exemplo, da necesidade de realizar axustes puntuais que lle afecten ao deseño orixinal ou por calquera outra circunstancia debidamente motivada.

A modificación da resolución ou do acordo de concesión por reformulación da memoria explicativa ou xustificativa do carácter estratéxico estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Petición do Concello, que deberá estar motivada.
- A nova memoria explicativa ou xustificativa do carácter estratéxico do investimento conforme a base quincuaxésima.

A modificación da resolución ou do acordo de concesión por reformulación da memoria explicativa requirirá a autorización previa do órgano competente da Deputación.

Non obstante, se a reformulación da memoria valorada implica un cambio de casuística, o Concello deberá tramitar un cambio de finalidade, conforme o establecido na base quincuaxésimo primeira.

Quincuaxésimo terceira. Licitación

A licitación, adxudicación e dirección dos contratos que sexan necesarios para redactar os proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas e/ou proxectos de carácter estratéxico local que posibiliten a transformación e modernización do municipio correspóndelles aos concellos, que respectarán, en todo caso, o contemplado nestas bases, nos seus anexos e na vixente normativa sobre contratación pública.

As solucións que se recollan nos proxectos deberán estar consensuadas entre a persoa ou persoas encargadas da redacción, os concellos e demais axentes implicados; a Deputación, na fase de xustificación, limitarase a verificar o cumprimento, requisitos, obxectivos e principios establecidos nas bases e nos seus anexos.

Quincuaxésimo cuarta. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da LSG e, en particular, a:

1. Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
2. Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.



3. Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles requira a Deputación e no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra.
5. Efectuar a contratación do servizo de acordo coa lexislación de contratos. Os contratos menores deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto.
6. Comunicarlle á Deputación calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente antelación, se poida modificar o contido da resolución ou do acordo de concesión e mais a xustificación dos correspondentes gastos.
7. Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.
8. Acreditar a publicidade mediante a incorporación na portada e no encabezamento ou no pé de páxina dos proxectos da imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra. Ademais, o Concello deberá difundir na páxina web unha nota informativa na que se indique o financiamento obtido da Deputación.

O incumprimento destas obrigas será causa de perda do dereito ao cobro ou do reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Quincuaxésimo quinta. Lugar, prazo e xustificación das subvencións

A documentación xustificativa presentarse obrigatoriamente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) a través do modelo “achega de documentación xustificativa” dispoñible en “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude” no citado enderezo web, segundo o previsto na base décimo terceira.

Os proxectos deberán estar redactados antes do 31 de decembro de 2027 e xustificados a 31 de maio de 2028.

A documentación xustificativa será comprobada polo Servizo de Cooperación e pola Intervención da institución provincial.

O pagamento das subvencións efectuarase á vista da documentación xustificativa; para estes efectos, o Concello deberá achegar:

- Facturas pola redacción do proxecto e dos custos imputables a este (estudos xeotécnicos, topográficos, mobilidade, concurso de ideas...). Nas facturas deberá constar con claridade o título do proxecto. As facturas xustificativas da redacción do proxecto e os custos imputables, no seu caso, deberán estar conformados por unha ou un técnico municipal e non poderán ser anteriores á data de publicación destas bases.
- As resolucións ou os acordos de aprobación das facturas polo órgano competente do Concello.
- As resolucións ou os acordos de adxudicación do contrato de servizos. En caso de que o servizo se adxudique mediante un contrato menor, o Concello deberá dispoñer da



resolución de autorización e da disposición do gasto cando este sexa igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).

- O proxecto, que deberá incorporar na portada e no encabezamento ou no pé de páxina a imaxe corporativa da Deputación.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se acredite o cumprimento da publicidade conforme o establecido na base quincuaxésimo cuarta.
- O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, o detalle do financiamento obtido.

Os proxectos realizados estarán sometidos á comprobación explícita por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial, que validarán que se cumpran os obxectivos, criterios e requisitos recollidos nestas bases e no anexo VII e comprobarán que o proxecto se corresponde co indicado na memoria presentada coa solicitude de subvención, ademais de emitiren o correspondente informe. En caso de que neste se estableza que se deben emendar erros ou omisións no proxecto, o Concello dispoñerá do prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da notificación para emendar os erros advertidos e achegar a documentación requirida. O incumprimento desta obriga dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

O pagamento das subvencións farase de acordo coa porcentaxe de subvención determinada na fase de concesión. En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento que se tivo en conta para a concesión, o pagamento das subvencións reducirase proporcionalmente.

Se tras a xustificación da liña 4 resultase un sobranse, o Concello poderá acumulalo ao importe das baixas definitivas de investimentos en obras do exercicio 2026.

Por último, se se incumpre a finalidade na realización do gasto, se presentan facturas expedidas antes da data de publicación destas bases, non se dispón da resolución ou do acordo de autorización ou disposición do gasto para contratar o servizo ou se incumpre a obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.

O incumprimento da obriga de publicidade nos termos recollidos na presente base dará lugar á perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.

Por último, non achegar a documentación xustificativa no prazo estipulado na presente base implicará un requirimento por parte da Deputación para que se presente nun prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da xustificación no prazo do requirimento dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada que se detraerá do importe para librar.



ANEXO VII. FORMATO E CONTIDO DOS PROXECTOS DA LIÑA 4

FORMATO E CONTIDO DOS PROXECTOS PARA A TRANSFORMACIÓN DA MOBILIDADE EN ZONAS RURAIS E/OU URBANAS

VII.1 FORMATO DE PRESENTACIÓN

Os textos dispoñerán dun encabezamento ou pe de páxina coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra.

O proxecto presentarse preferiblemente nun documento único ou, de non ser posible, agrupado nos catro documentos principais: memoria e anexos, planos, prego e orzamento. Todos os documentos estarán debidamente asinados por medios electrónicos.

VII.1.2 CONTIDO DO PROXECTO

No proxecto deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder executar as obras sen a intervención das persoas redactoras deste; para iso, deberá conter a documentación prevista a continuación neste apartado.

En todo caso, deberase reflectir e xustificar no proxecto que se respecta o contido mínimo dos proxectos ao abeiro do establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras e as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e deberá quedar claramente especificado, nos seus correspondentes apartados, que estas se cumpren.

Enténdense incluídos na redacción do proxecto as posibles modificacións deste por erros ou omisións non imputables á Administración contratante.

VII.1.2.1. Documentos do proxecto

a) Memoria descriptiva

O obxecto da memoria descriptiva é definir o proxecto de obras e todos os aspectos que poidan incidir nel, e deixar nos anexos o seu desenvolvemento, de ser o caso.

Titular: identificará a Administración ou administracións titulares da vía ou das vías obxecto do proxecto.

Descrición: incluírá o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a súa situación previa, as necesidades que se van satisfacer, a xustificación e descrición das obras e a solución técnica adoptada, coa especificación dos factores de todo tipo que deben terse en conta, en particular os de tipo social, técnico, económico, ambiental, de seguridade viaria e administrativo.

Planeamento urbanístico e ordenación do territorio: superpoñerase a traza do ámbito da intervención sobre o plano de clasificación urbanística. Indicaranse as clases de solo polas que discorre a obra. Comprobarase e xustificarase a adecuación da obra proxectada aos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio. Incluírase tamén a representación gráfica das zonas de protección da estrada e da liña límite de edificación, de ser o caso. Tamén deberán recollese as afeccións ao patrimonio cultural segundo o catálogo do plan municipal e o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, de ser o caso.

Información pública: en caso de que o proxecto de construción se someta aos trámites de información pública en materia de estradas e ao informe das administracións afectadas,



indicaranse as determinacións urbanísticas do plan municipal que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación e mais o prazo para realizar a correspondente adecuación.

Ocupación de terreos: darase conta da necesidade de ocupación de terreos para executar as obras e incluírase un cadro resumo de superficies segundo a súa clasificación urbanística, que se pormenorizará no anexo correspondente.

Medio ambiente: xustificarase o cumprimento da declaración de impacto ambiental correspondente ao estudo informativo, anteproxecto ou proxecto de trazado cando no proxecto de construción se desenvolva un documento dese tipo que fose sometido ao trámite de avaliación ambiental, sen prexuízo, de ser o caso, dos efectos derivados do acordo de resolución de discrepancias respecto da devandita declaración de impacto ambiental. De igual modo, xustificarase o cumprimento do resto da normativa sectorial en materia de protección ambiental.

Accesibilidade: xustificarase que se cumpre a normativa sectorial en materia de accesibilidade que sexa de aplicación segundo a natureza da obra, dado o carácter peonil das intervencións, coma sendas, prazas, pasarelas e resto de obras de humanizacións.

Normativa de contratos. Incluírase o seguinte:

- O tipo de obra segundo a clasificación prevista no artigo 232 da LCSP.
- O estudo xeotécnico, de acordo co artigo 233.3 da LCSP. En caso de que resultase incompatible coa natureza da obra, farase constar e xustificarase a súa omisión, de incompatibilidade ou innecesariedade.

Se procede, incluíranse os seguintes puntos ou xustificarase a súa omisión:

- A determinación da clasificación esixible á contrata (grupo, subgrupo e categoría).
- A fórmula de revisión de prezos.
- A determinación de obra completa.

Autorizacións sectoriais: farase constar de xeito expreso se son necesarias ou non autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, indicando todas as necesarias.

Orzamentos: recollerase o orzamento de execución material das obras e o orzamento base de licitación, sen e con IVE, así como o orzamento para o coñecemento da Administración, se procede.

Prazos: farase referencia ao prazo previsto para executar as obras a partir da data da sinatura da acta de comprobación de implantación e o prazo de garantía a partir da sinatura da acta de recepción das obras.

Índice: incorporará un índice de todos os documentos que integran o proxecto (memoria e todos os seus anexos, planos numerados coa súa designación, prego de prescricións técnicas particulares, medicións, orzamentos e demais).

Cada apartado da memoria descritiva, en caso de ser necesario pola súa extensión, desenvolverase no seu correspondente anexo, no que se incluírá un resumo ou unha introdución deste cos principais datos.



b) Anexos

Incluiranse os anexos necesarios para desenvolver todos os datos e o contido da memoria descritiva. Polo mesmo motivo, cando un anexo resultase demasiado curto ou sinxelo recoméndase integralo na memoria descritiva.

Se non fose preciso incluílos debido á natureza do proxecto, deberán xustificarse, no seu apartado correspondente, os motivos que levaron á súa omisión.

De maneira non limitativa, deben constar os seguintes anexos:

1. Situación actual e reportaxe fotográfica.
2. Topografía e referencias de todo tipo para a implantación da obra, con coordenadas das bases de implantación no sistema ETRS89.
3. Xeoloxía e xeotecnia.
4. Anexo de integración ambiental.
5. Anexo de necesidades de ocupación de terreos (no caso de ocupacións). Describirá en todos os aspectos materiais e xurídicos os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para executar a obra ou para repoñer os servizos afectados pola súa execución, coa identificación das persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.
6. Anexo de coordinación con outros organismos.
7. Anexo de reposición de servizos afectados, agás os inherentes ao proxecto principal.
8. Anexo da implantación da obra, que incluírá medidas para garantir a fluidez e a seguridade da circulación nos tramos de vías afectadas pola execución das obras, no que se indiquen os desvíos de circulación propostos e os períodos en que esta poida verse perturbada; tamén a ordenación de accesos e a reordenación dos existentes e a sinalización fixa e variable, balizamento, defensas e outras medidas para xestionar a circulación nos tramos de estradas obxecto do proxecto, tanto durante a execución das obras coma durante a súa posterior explotación.
9. Anexo do plan de control de calidade, segundo as medicións do proxecto e que cumpra a normativa que corresponda, PG3, CTE, REBT etc. e o PPTP.
10. Anexo de estudo de xestión de residuos de construción e demolición.
11. Anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde.
12. Anexo de plan de obra: mediante diagrama de barras, por capítulos e meses, con previsión, no seu caso, de tempo e custo.
13. Anexo de xustificación de prezos, que estará formado por:
 - a) Xustificación de prezos (custos auxiliares, directos, indirectos, prezos unitarios de execución material e partidas alzadas de aboamento íntegro).
 - b) Prezos unitarios:
 - Cadro e custo da man de obra.
 - Cadro e custo da maquinaria.
 - Cadro e custo dos materiais.
 - c) Prezos auxiliares.



d) Prezos descompostos.

c) Planos

Débense incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que toda a obra quede completamente definida.

O proxecto conterá un índice de planos no que se indiquen todos os incluídos no documento.

d) Pregos de prescricións técnicas particulares

Nel débense describir as obras e regularse a súa execución, coa especificación da forma de execución, as obrigas de carácter técnico, o sistema de medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

e) Orzamento

Comprenderá os gastos de execución da obra e pode estar integrado por distintos orzamentos parciais, no que consten os prezos unitarios e os desagregados e, se procede, o estado das medicións e os detalles para a súa valoración. Estará composto por medicións, o cadro de prezos número 1 e o número 2, o orzamento e o resumo do orzamento que especificará o orzamento de execución material e o orzamento base de licitación, sen e con IVE.

f) Outras consideracións

Nos casos e na forma en que o permita a lexislación vixente en materia de contratos do sector público poderanse simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar ou executar as obras comprendidas. Neses casos, incluírase na memoria a xustificación das simplificacións ou supresións de documentos realizadas.

En todo caso, aplicarase o disposto para estes efectos na LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2011; na Lei 8/2013, de estradas de Galicia; no Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, ou nas normas que as substitúan; e na demais normativa de aplicación.

VII.1.3 SINATURAS

O proxecto deberá estar asinado electronicamente pola persoa ou persoas autoras e indicar o cargo e titulación de cada unha.

Os anexos do estudo de seguridade e saúde (ESS) ou estudo básico de seguridade e saúde (EBSS) e do estudo de xestión de residuos (EXR) estarán debidamente asinados electronicamente e indicaranse o nome, a titulación e o cargo da persoa redactora.

VII.1.4 ENTREGA DO PROXECTO

O Concello entregaralle á Deputación unha copia dixital, en formato PDF e asinada electronicamente.

Na entrega de todos os documentos en soporte informático poderanse utilizar os programas informáticos comerciais que se dispoñan; en todo caso, a Deputación poderá requirir que estes se acheguen en formatos de intercambio, de xeito que sexan accesibles para o seu procesamento posterior.



FORMATO E CONTIDO DO PROXECTO DE OBRA CIVIL E MOBILIDADE

VII.2 FORMATO

O tamaño e a calidade dos textos, das anotacións e dos debuxos teñen que ser os adecuados para que, ao reproducilos, o seu contido sexa claramente visible.

O proxecto presentárase preferiblemente nun documento único ou, de non ser posible, agrupado nos catro documentos principais: memoria e anexos, planos, prego e orzamento. Todos os documentos estarán debidamente asinados por medios electrónicos.

O proxecto entregárase en formato PDF asinado electronicamente.

VII. 2.1 CONTIDO DO PROXECTO

No proxecto deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder executar as obras; para iso, deberá conter a documentación prevista a continuación neste apartado.

En todo caso, deberáse reflectir e xustificar no proxecto que se respecta o contido mínimo dos proxectos ao abeiro do establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e, cando proceda, no artigo 42 do Regulamento xeral de estradas de Galicia (ou normas que os substitúan ou complementen).

Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras e as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e quedar claramente especificado, nos seus correspondentes apartados, que estas se cumpren.

VII. 2.1.1 Documentos do proxecto

Memoria

a) Memoria descritiva

O obxecto da memoria descritiva é definir o proxecto de obras e todos os aspectos que poidan incidir nel; deixárase para os anexos o seu desenvolvemento, de ser o caso. Ademais, deberáse xustificar como influirá o proxecto na cohesión territorial da provincia e incluírase información necesaria acerca dos aspectos que se deben valorar para a concorrência competitiva.

Titular: identificará a Administración ou administracións titulares da vía ou vías obxecto do proxecto.

Descrición: describírase o obxecto das obras e recolléranse os antecedentes e a súa situación previa, as necesidades que se van satisfacer, a xustificación e descrición das obras e a solución técnica adoptada. Ademais, especificáranse factores de todo tipo que deben terse en conta, en particular, os de tipo social, técnico, económico, ambiental, de seguridade viaria e administrativo.

Planeamento urbanístico: superpoñérase o ámbito de actuación da obra sobre o plano de clasificación urbanística. Indicarase as clases de solo aos que afecta a obra. Comprobarase a



adecuación da obra proxectada aos instrumentos do plan urbanístico. Incluírase tamén a representación gráfica das zonas de protección das estradas e da liña límite de edificación. Tamén deberán recollerse as afeccións ao patrimonio cultural segundo o Catálogo do plan municipal e do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, de ser o caso.

Información pública: en caso de que o proxecto de construción se someta aos trámites de información pública en materia de estradas e ao informe das administracións afectadas, indicaranse as determinacións urbanísticas do plan municipal que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación e mais o prazo para realizar a correspondente adecuación.

Ocupación de terreos: darase conta da necesidade de ocupación de terreos para a execución das obras e incluírase un cadro resumo de superficies segundo a súa clasificación urbanística, que se pormenorizará no anexo correspondente.

Medio ambiente: xustificarase o cumprimento da declaración de impacto ambiental correspondente ao estudo informativo, anteprojecto ou proxecto de trazado cando no proxecto de construción se desenvolva un documento dese tipo que fose sometido ao trámite de avaliación ambiental, sen prexuízo, de ser o caso, dos efectos derivados do acordo de resolución de discrepancias respecto da devandita declaración de impacto ambiental. De igual modo, xustificarase o cumprimento da demais normativa sectorial en materia de protección ambiental.

Accesibilidade: xustificarase o cumprimento da normativa sectorial en materia de accesibilidade que sexa de aplicación segundo a natureza da obra, no caso de ser empregadas por viandantes de forma habitual e preferente, como sendas, prazas, pasarelas e resto de obras de humanizacións.

Normativa de contratos: incluírase:

O tipo de obra segundo a clasificación prevista no artigo 232 da LCSP.

- O estudo xeotécnico, de acordo co artigo 233.3 da LCSP. En caso de que resultase incompatible coa natureza da obra, farase constar e xustificarase a súa omisión, de incompatibilidade ou non necesidade.

Se procede, incluíranse os seguintes puntos ou xustificarase a súa omisión:

- A determinación da clasificación esixible á contrata (grupo, subgrupo e categoría).
- A fórmula de revisión de prezos.
- A determinación de obra completa.

Autorizacións sectoriais: farase constar de xeito expreso se son necesarias ou non autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, indicando todas as necesarias.

Orzamentos: recolleranse o orzamento de execución material das obras e o orzamento base de licitación, sen e con IVE, ademais do orzamento para o coñecemento da Administración, se procede.

Prazos: farase referencia ao prazo previsto para executar as obras a partir da data da firma da acta de comprobación da implantación e o prazo de garantía a partir da firma da acta de recepción das obras.



Listaxe dos documentos: como peche da memoria farase unha lista dos documentos que integran o proxecto (memoria e todos os seus anexos, planos numerados coa súa designación, prego de prescricións técnicas particulares, medicións, orzamentos e demais).

Cada apartado da memoria descritiva incluírá unha introdución e resumo deste cos principais datos; e desenvolverase nun anexo independente en caso de ser necesario pola súa extensión.

Xustificación da necesidade (ou non) de revisión de prezos do proxecto e a súa fórmula de revisión.

Xustificación de non división en lotes.

Declaración de obra completa.

b) Anexos

Incluíranse os anexos necesarios para desenvolver todos os datos e o contido da memoria descritiva. Polo mesmo motivo, cando un anexo resulte demasiado curto ou sinxelo, recoméndase integralo na memoria descritiva. Se non fose preciso incluílos debido á natureza do proxecto, deberán xustificarse, no seu apartado correspondente, os motivos que levaron á súa omisión.

De maneira non limitativa, deben constar os seguintes anexos (ou xustificación, de non ser necesarios):

1. Situación actual e reportaxe fotográfica.
2. Topografía e referencias de todo tipo para a implantación da obra, con coordenadas das bases de implantación no sistema ETRS89.
3. Xeoloxía e xeotecnia.
4. Anexo de integración ambiental.
5. Anexo de necesidades de ocupación de terreos (no caso de ocupacións). Describirá todos os aspectos materiais e xurídicos dos terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para executar a obra ou para repoñer os servizos afectados pola súa execución, coa identificación das persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.
6. Anexo de coordinación con outros organismos.
7. Anexo de reposición de servizos afectados, agás os inherentes ao proxecto principal.
8. Anexo da implantación da obra, que incluírá medidas para garantir a fluidez e seguridade da circulación nos tramos de vías afectadas pola execución das obras, con expresión dos desvíos de circulación propostos e dos períodos en que se poida perturbar a devandita circulación; tamén a ordenación de accesos e reordenación dos existentes e a sinalización fixa e variable, balizamento, defensas e outras medidas para xestionar a circulación nos tramos de estradas obxecto do proxecto, tanto durante a execución das obras coma durante a súa posterior explotación.



9. Anexo do plan de control de calidade segundo as medicións do proxecto e cumprindo a normativa que corresponda, PG3, EHE, REBT etc. e o PPTP.
10. Anexo de estudo de xestión de residuos de construción e demolición.
11. Anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde.
12. Anexo de plan de obra: mediante diagramas de barras, por capítulos e meses, con custos parciais, acumulados e totais, e porcentaxes de cada un.
13. Anexo de xustificación de prezos, que estará formado por:
 - Xustificación de prezos (custos auxiliares, directos, indirectos, prezos unitarios de execución material e partidas alzadas de aboamento íntegro).
 - Prezos unitarios:
 - Cadro e custo da man de obra.
 - Cadro e custo da maquinaria.
 - Cadro e custo dos materiais.
 - Prezos auxiliares.
 - Prezos descompostos.
14. Orzamento desagregado para o coñecemento da Administración.

c) Planos

Débense incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede completamente definida.

Conterá un índice de planos que indique todos os incluídos no documento, así como o número de follas de cada un.

d) Prego de prescricións técnicas particulares

Nel débense describir as obras e regularse a súa execución, coa especificación da forma de execución, as obrigas de carácter técnico, o sistema de medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

e) Orzamento

Comprenderá os gastos de execución da obra e pode estar integrado por distintos orzamentos parciais, no cal consten os prezos unitarios e os desagregados, e, se procede, o estado das medicións e os detalles para a súa valoración. Estará composto por medicións, o cadro de prezos número 1 e o número 2, o orzamento e o resumo do orzamento que especificará o orzamento de execución material e o orzamento base de licitación, sen e con IVE.

f) Outras consideracións

Nos casos e na forma en que o permita a lexislación vixente en materia de contratos do sector público poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar ou executar as obras comprendidas. Neses casos, incluírase na memoria a xustificación das simplificacións ou supresións de documentos realizadas.

En todo caso, aplicárase o disposto para estes efectos na LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; no Regulamento xeral da Lei de contratos das



administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2011; na Lei 8/2013, de estradas de Galicia; no Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, ou nas normas que as substitúan; e na demais normativa de aplicación.

VII.2.3 SINATURAS

O proxecto deberá estar asinado electronicamente pola persoa ou persoas autoras e indicar o cargo e titulación de cada unha.

Os anexos do estudo de seguridade e saúde (ESS) ou estudo básico de seguridade e saúde (EBSS) e do estudo de xestión de residuos (EXR) estarán debidamente asinados electronicamente e indicaranse o nome, a titulación e o cargo da persoa redactora.

VII.2.4 ENTREGA DO PROXECTO

Entregarase unha copia en formato dixital, que o Concello lle fará chegar á Deputación. Conterá unha versión debidamente asinada de forma dixital en formato PDF.

Na entrega de todos os documentos en soporte informático poderanse utilizar os programas informáticos comerciais que se dispoñan; en todo caso, a Deputación poderá requirir que estes se acheguen en formatos de intercambio, de xeito que sexan accesibles para o seu procesamento posterior.



FORMATO E CONTIDO DOS PROXECTOS DE EDIFICACIÓN E REHABILITACIÓN

VII. 3 FORMATO

O tamaño e a calidade dos textos, das anotacións e dos debuxos teñen que ser os adecuados para que, ao reproducilos, o seu contido sexa claramente visible.

O proxecto presentárase preferiblemente nun documento único ou, de non ser posible, agrupado nos catro documentos principais: memoria e anexos, planos, prego e orzamento. Todos os documentos estarán debidamente asinados por medios electrónicos.

O proxecto entregárase en formato PDF.

VII. 3.1 CONTIDO DO PROXECTO

No proxecto deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder executar as obras; para iso, este deberá conter a documentación prevista a continuación. En todo caso, deberase reflectir e xustificar no proxecto que se respecta o contido mínimo dos proxectos ao abeiro do establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras e as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e quedar claramente especificado, nos seus correspondentes apartados, que estas se cumpren..

VII.3.1. 1 Documentos do proxecto

-Memoria

a) Memoria descritiva

O obxecto da memoria descritiva é definir o proxecto de obras e todos os aspectos que poidan incidir nel; deixárase para os anexos o seu desenvolvemento, no seu caso. Ademais, deberase xustificar como influirá o proxecto na cohesión territorial da provincia.

Titular: identificará a Administración ou Administracións titulares da parcela ou parcelas e/ou edificación ou edificacións obxecto do proxecto.

Descrición: describirase o obxecto das obras e recolleranse os antecedentes e a súa situación previa, as necesidades que se van satisfacer, a xustificación e descrición das obras e a solución técnica adoptada. Ademais, especificaranse os factores de todo tipo que deben terse en conta, en particular os de tipo social, técnico, económico, ambiental, de seguridade viaria e administrativo.

Planeamento urbanístico: superpoñerase o ámbito de actuación da obra sobre o plano de clasificación urbanística. Indicarase as clases de solo aos que afecta a obra e comprobarase a adecuación da obra proxectada aos instrumentos do plan urbanístico. Incluírse tamén a representación gráfica das zonas de protección das estradas e da liña límite de edificación e recolleranse as afeccións ao patrimonio cultural segundo o Catálogo do plan municipal e do



Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, no seu caso, así como do resto de administracións que poidan estar afectadas.

Información pública: en caso de que o proxecto de construción se someta aos trámites de información pública en materia de estradas e ao informe das administracións afectadas, indicaranse as determinacións urbanísticas do plan municipal que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación e o prazo para realizar a correspondente adecuación.

Ocupación de terreos: darase conta da necesidade de ocupación de terreos para executar as obras e mais un cadro resumo de superficies segundo a súa clasificación urbanística, que se pormenorizará no anexo correspondente.

Medio ambiente: xustificarase o cumprimento da declaración de impacto ambiental correspondente ao estudo informativo, anteproxecto ou proxecto de trazado cando no proxecto de construción se desenvolva un documento dese tipo que fose sometido ao trámite de avaliación ambiental, sen prexuízo, de ser o caso, dos efectos derivados do acordo de resolución de discrepancias respecto da devandita declaración de impacto ambiental. De igual modo, xustificarase o cumprimento do resto de normativa sectorial en materia de protección ambiental.

Accesibilidade: xustificarase o cumprimento da normativa sectorial en materia de accesibilidade que sexa de aplicación segundo a natureza da obra.

Normativa de contratos: incluírase o tipo de obra segundo a clasificación prevista no artigo 232 da LCSP.

- O estudo xeotécnico, de acordo co artigo 233.3 da LCSP. En caso de que resultase incompatible coa natureza da obra, farase constar e xustificarase a súa omisión, de incompatibilidade ou non necesidade.

Se procede, incluíranse os seguintes puntos ou xustificarase a súa omisión:

- A determinación da clasificación esixible á contrata (grupo, subgrupo e categoría).
- A fórmula de revisión de prezos.
- A determinación de obra completa.

Orzamentos: recolleranse o orzamento de execución material das obras e o orzamento base de licitación, sen e con IVE, así como o orzamento para o coñecemento da Administración, se procede.

Prazos: farase referencia ao prazo previsto para executar as obras a partir da data da sinatura da acta de comprobación da implantación e o prazo de garantía a partir da firma da acta de recepción das obras.

Listaxe dos documentos: como peche da memoria farase unha lista dos documentos que integran o proxecto (memoria e todos os seus anexos, planos numerados coa súa designación, prego de prescricións técnicas particulares, medicións, orzamentos e demais).

Cada apartado da memoria descritiva incluírá unha introdución e resumo cos principais datos. En caso de ser necesario pola súa extensión, desenvolverase nun anexo independente.



Xustificación da necesidade (ou non) de revisión de prezos e a súa fórmula de revisión.

Xustificación de non división en lotes.

Declaración de obra completa.

b) Anexos

Incluíranse os anexos precisos para desenvolver todos os datos e o contido da memoria descritiva. Polo mesmo motivo, cando un anexo resulte demasiado curto ou sinxelo recoméndase integralo na memoria descritiva. Se non fose preciso incluílos debido á natureza do proxecto, deberán xustificarse, no seu apartado correspondente, os motivos que levaron á súa omisión.

De maneira non limitativa deben constar os seguintes anexos:

1. Situación actual e reportaxe fotográfica.
2. Topografía e referencias de todo tipo para a implantación da obra, con coordenadas das bases de implantación no sistema ETRS89.
3. Xeoloxía e xeotecnia. O estudo xeotécnico do terreo sobre o que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.
4. Anexo de integración ambiental.
5. Anexo de necesidades de ocupación de terreos (no caso de ocupacións). Describirá en todos os aspectos materiais e xurídicos os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para executar a obra ou para repoñer os servizos afectados pola súa execución. Ademais, identificará as persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.
6. Anexo de coordinación con outros organismos.
7. Anexo de reposición de servizos afectados, agás os inherentes ao proxecto principal.
8. Anexo da implantación da obra, en caso de afectar tramos de vías, que incluírá medidas para garantir a fluidez e a seguridade da circulación nos tramos de vías afectadas pola execución das obras, con expresión dos desvíos de circulación propostos e dos períodos en que se poida perturbar a devandita circulación; tamén a ordenación de accesos e a reordenación dos existentes e a sinalización fixa e variable, balizamento, defensas e outras medidas para xestionar a circulación nos tramos de estradas obxecto do proxecto, tanto durante a execución das obras coma durante a súa posterior explotación.
9. Anexo do cumprimento das especificacións do Código técnico de edificación, segundo o Real decreto 314/2006, de 17 de marzo.
10. Anexo do cumprimento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro.
11. Anexo do plan de control de calidade, segundo medicións do proxecto e cumprindo a normativa que corresponda, PG3, EHE, REBT etc., e o PPTP.



12. Anexo do estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade de residuos xerados e unha valoración do custo previsto para a súa xestión, que debe figurar con carácter independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro.
13. Anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde.
14. Anexo do plan de obra: mediante diagramas de barras, por capítulos e meses, con custos parciais, acumulados e totais, e en porcentaxes de cada un.
15. O certificado de eficiencia enerxética en edificios de nova construción e demais ámbitos de aplicación, segundo o Real decreto 390/2021, de 1 de xuño.
16. Anexo de xustificación de prezos, que estará formado por:
 - Xustificación de prezos (custos auxiliares, directos, indirectos, prezos unitarios de execución material e partidas alzadas de aboamento íntegro).
 - Prezos unitarios:
 - Cadro e custo da man de obra.
 - Cadro e custo da maquinaria.
 - Cadro e custo dos materiais.
 - Prezos auxiliares.
 - Prezos descompostos.
17. Orzamento desagregado para o coñecemento da Administración.

c) Planos

Débense incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que o conxunto da obra quede completamente definido.

Conterá un índice de planos que indique todos os incluídos no documento e o número de follas de cada un.

d) Prego de prescricións técnicas particulares

Nel débense describir as obras e regularse a execución destas, coa especificación da forma de execución, as obrigas de carácter técnico, o sistema de medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

e) Orzamento

Comprenderá os gastos de execución da obra e pode estar integrado por distintos orzamentos parciais, no cal consten os prezos unitarios e os desagregados e, se procede, o estado das medicións e os detalles para a súa valoración. Estará composto por medicións, o cadro de prezos número 1 e o número 2, o orzamento e o resumo do orzamento que especificará o orzamento de execución material e o orzamento base de licitación, sen e con IVE.

f) Outras consideracións

Nos casos e na forma en que así o permita a lexislación vixente en materia de contratos do sector público poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar ou executar as obras comprendidas. Neses casos, incluírase na memoria a xustificación das simplificacións ou supresións de documentos realizadas.



En todo caso, aplicárase o disposto para estes efectos na LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2011; na Lei 8/2013, de estradas de Galicia; no Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, ou nas normas que as substitúan; e na demais normativa de aplicación.

VII.3.3 SINATURAS

O proxecto deberá estar asinado electronicamente pola persoa ou persoas autoras e indicar o cargo e titulación de cada unha.

Os anexos do estudo de seguridade e saúde (ESS) ou estudo básico de seguridade e saúde (EBSS) e do estudo de xestión de residuos (EXR) estarán debidamente asinados electronicamente e indicaranse o nome, a titulación e o cargo da persoa redactora.

VII.3.4 ENTREGA DO PROXECTO

Entregarase unha copia dixital, que o Concello lle fará chegar á Deputación. Conterá unha versión debidamente asinada de forma dixital en formato PDF.

Na entrega de todos os documentos en soporte informático poderanse utilizar os programas informáticos comerciais que se dispoñan; en todo caso, a Deputación poderá requirir que estes se acheguen en formatos de intercambio, de xeito que sexan accesibles para o seu procesamento posterior.

3. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico da actuación “Reurbanización, mellora e humanización do centro urbano de Arcade como espazo público estratéxico” presentado polo Concello de Soutomaior ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra (expte. 2024077072)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “REURBANIZACIÓN, MELLORA E HUMANIZACIÓN DO CENTRO URBANO DE ARCADE COMO ESPAZO PÚBLICO ESTRATÉXICO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA (Expte. 2024077072)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras,



procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: "O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga". Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: "(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente".

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Soutomaior con destino á execución da actuación denominada

"Reurbanización, mellora e humanización do centro urbano de Arcade como espazo público estratéxico", ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 1.199.917,82€ e a subvención concedida e de 700.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 499.917,82€.

- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025003400 de 30/04/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Soutomaior, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 07/05/2025. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 15/10/2025 o Concello de Soutomaior presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025071490) un proxecto reformulado do proxecto inicial e na data 30/10/2025 (núm. rexistro WEB2025075347), en contestación a o requirimento efectuado polo servizo de Cooperación, o Concello presenta un novo proxecto reformulado, un informe da alcaldía e un informe técnico respecto da innecesidade de solicitar unha nova autorización sectorial a Patrimonio Cultural. Posteriormente, na data 06/11/2025 (núm. rexistro WEB2025077359), o Concello presenta a aprobación do proxecto reformulado, a autorización sectorial de Patrimonio Cultural, e o desistimento da solicitude da autorización sectorial da Xefatura Territorial de Cultura en Pontevedra. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense a reaxustes da proposta polos condicionantes de Patrimonio Cultural, polo que se modifica a actuación na Rúa Rosalía de Castro. Estes cambios comprenden a execución dun paso peonil elevado en lugar da pavimentación con formigón branco; a redución das zonas axardinadas, árbores e rede de rego, e reaxustes en varias partidas en función a estes cambios.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na



data 04/11/2025 (CSV: KJH1ZCCQLCOCZAPQ).

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 13/11/2025, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen alteración do importe total do orzamento orixinal, nin supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e conclúese que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria, sen prexuízo de que a Comisión de Persoas Expertas manifesta a necesidade de requirirle ao concello un informe xustificativo sobre os cambios acometidos nos prezos das partidas do proxecto.
- Na data 18/11/2025 o Concello de Soutomaior presenta no rexistro da Deputación de Pontevedra un informe xustificativo sobre os cambios acometidos nos prezos das partidas do proxecto (núm. rexistro WEB2025079599).
- O día 18/11/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: LHJUQ4CG1CVKY0R4).
- Na data 04/12/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir. (CSV: l5176NHgZ5GC6OP1).
- O día 09/12/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: Y2XHR4D2G70OYGJL).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao



ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Soutomaior para a execución da actuación denominada “Reurbanización, mellora e humanización do centro urbano de Arcade como espazo público estratéxico” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.



- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Soutomaior para a execución da actuación denominada “Reurbanización, mellora e humanización do centro urbano de Arcade como espazo público estratéxico”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non supoñen alteración do importe total do orzamento orixinal, nin supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e conclúese que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico da actuación “Reurbanización, mellora e humanización do centro urbano de Arcade como espazo público estratéxico”, presentado polo Concello de Soutomaior ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.



- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Soutomaior, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

4. Ditaminar a aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a redacción do proxecto de valorización do Espazo Fortaleza de Goián (Tomiño). Acción contemplada no formulario de candidatura do proxecto INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL 2021-2027 0249_VISIT_RIO_MINHO PLUS 1 P, cofinanciado por fondos FEDER nun 75% (expte. 2025071533)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais, a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

"ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE VALORIZACIÓN DO ESPAZO FORTALEZA DE GOIÁN (TOMIÑO). ACCIÓN CONTEMPLADA NO FORMULARIO DE CANDIDATURA DO PROXECTO INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL 2021-2027 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P, COFINANCIADO POR FONDOS FEDER NUN 75%. (Expte. 2025071533)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Tomiño e Tui, desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a **"A REDACCIÓN DO PROXECTO DE VALORIZACIÓN DO ESPAZO FORTALEZA DE GOIÁN (TOMIÑO)"**. A dita acción englobase no marco do proxecto 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P, aprobado na 4ª convocatoria do Interreg VI A POCTEP 2021-2027, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER.
- O Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER), na súa reunión do 22/04/2024, acordou a concesión dunha axuda FEDER de 1.219,321,85 euros ao proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P, presentado á 4ª convocatoria, da que é beneficiaria



a Deputación de Pontevedra por un importe de 282.150,00 € (75% do gasto elixible de 376.200,00 €).

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2024, adoptou, entre outros, o acordo (núm 4.8220) da aprobación do proxecto e a aceptación da subvención outorgada polo FEDER, no marco do POCTEP INTERREG VI-A, para a execución do mesmo.
- Entres as accións a desenvolver, no actividade 3 do dito proxecto "*Inversións en infraestruturas e equipamentos turísticos que melloren a imaxe do destino turístico río Miño*", está prevista unha acción que é a redacción do proxecto de valorización do Espazo Fortaleza de Goián (Tomiño). No proxecto prevese para esta acción un orzamento de 17.950,00 € (IVE incluído).
- As inundacións acaecidas en xaneiro de 2023 causaron danos significativos na Fortaleza de San Lourenzo. As chuvias torrenciais provocaron afundimentos en muros e camiños. Ademais da fortaleza, a praia de Goián e a senda do Miño quedaron cubertas polos efectos do temporal e da crecida, causando numerosos danos nas pasarelas e pavimentos. A redacción do proxecto de valorización persegue que as actuacións a desenvolver teñan unha dobre finalidade, por unha banda que determinen as accións necesarios para a recuperación das zonas afectadas polas inundacións de 2023, así como a ordenación do entorno, preservando e protexendo este espazo de alto valor ecolóxico, e por outra, favorecer a divulgación do patrimonio histórico e natural, promocionando este espazo como unha zona de alto atractivo turístico.
- En data 31/10/2025 mediante rexistro WEB2025075655, o concello de Tomiño enviou toda a documentación necesaria para a tramitación do convenio. Revisada polo Servizo de Cooperación, comprobouse que a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
- Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de convenio e visto o informe do Xefe de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público dos investimentos de 13/11/2025 (CSV:LTAWEx2P8LFX6PIBC), a non preceptividade de informe da Secretaría Xeral, e o informe da Intervención Provincial de data 26/11/2025 (CSV: KNR6oG2AISoRDX4N), no que se manifesta a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 25/942.9432.227.06 (proxecto de gastos 2400004) para facer fronte ao gasto de 17.950,00 €, estando retido mediante documento RC núm. 12025000225176.
- En data 19/12/2025 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a aprobación do convenio colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de Tomiño, cuxo obxecto é a redacción do proxecto de valorización do Espazo Fortaleza de Goián. Acción contemplada no formulario de candidatura do proxecto Interreg VI A España- Portugal 2021-2027 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27 de decembro de 2024
- Bases de execución do orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2025, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



Procedencia do convenio

- Artigos 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o artigo 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. No presente convenio xustifícase o interese público desta actuación en base ás competencias da Deputación en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, tendo como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, conforme o establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E especificamente o artigo 36.1.d) que establece como competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas demais Administracións Públicas neste ámbito.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIONES

En base ás precedentes consideracións, ó interese público que representa esta actuación e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Deputación de Pontevedra e o concello de Tomiño conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións para levar a cabo a redacción do proxecto de valorización do Espazo Fortaleza de Goián, acción enmarcada no proxecto Interreg VI-A España-Portugal 2021-2027 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O concello de Tomiño presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.



Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE VALORIZACIÓN DO ESPAZO FORTALEZA DE GOIÁN (TOMIÑO). ACCIÓN CONTEMPLADA NO FORMULARIO DE CANDIDATURA DO PROXECTO INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL 2021-2027 0249_VISIT_RIO_MINHO PLUS 1 P, COFINANCIADO POR FONDOS FEDER NUN 75%".

RÉXIME COMPETENCIAL:

O órgano competente para a aprobación do convenio e a concesión das axudas aos concellos é a Presidencia, por delegación do Pleno, por tratarse dunha subvención que supera os 6.000 euros, en aplicación da base número 16.1 das aprobadas para a execución do vixente orzamento e sendo preceptivo o ditame da comisión informativa.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedinte co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes do xefe do Servizo de Cooperación de data 13/11/2025 (CSV:LTAWEx2P8LFX6PIBC), e da Intervención Provincial de 26/11/2025 (CSV: KNR6oG2AISoRDX4N), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais, a seguinte proposta de acordo:

APROBAR o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE VALORIZACIÓN DO ESPAZO FORTALEZA DE GOIÁN (TOMIÑO). ACCIÓN CONTEMPLADA NO FORMULARIO DE CANDIDATURA DO PROXECTO INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL 2021-2027 0249_VISIT_RIO_MINHO PLUS 1 P, COFINANCIADO POR FONDOS FEDER NUN 75%", cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE VALORIZACIÓN DO ESPAZO FORTALEZA DE GOIÁN (TOMIÑO). ACCIÓN CONTEMPLADA NO FORMULARIO DE CANDIDATURA DO PROXECTO INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL 2021-2027 0249_VISIT_RIO_MINHO PLUS 1 P, COFINANCIADO POR FONDOS FEDER NUN 75%



No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luís López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Doutra, D^a. Sandra González Álvarez, na súa condición de Alcaldesa de Tomiño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E dando fe do acto que se celebra, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Todas as partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto,

MANIFESTAN

I. Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II. O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que



contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

III. Pola súa parte, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se lle atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.

IV. No marco das actuacións para o desenvolvemento territorial da área transfronteiriza do Miño, a Deputación de Pontevedra é beneficiaria do proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P : Consolidación da marca Río Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER no marco do POCTEP 2021-2027 INTERREG VI A. Entre os obxectivos específicos deste proxecto está o de potenciar o papel da cultura e o turismo sostible, a inclusión social e a innovación social.

V. El Comité de Xestión do POCTEP 2021-2027, acordou na súa reunión do 22/04/2024 a concesión dunha axuda FEDER de 1.219.321,85 €, para o proxecto 0249_VISIT_RIO_MNHO_PLUS_1_P. No dito proxecto, inclúese a actividade número 3, denominada: “Inversións en novas infraestruturas e equipamentos turísticos que melloren a imaxe do destino turístico Río Miño”. Concretamente, a acción 3.3 contempla a realización de diversas actuacións en materia de adecuación de equipamentos turísticos como proxectos, sinalización e embelecemento de recursos turísticos, así como o impulso á implantación de servizos complementarios. Así, inclúe un orzamento de 17.950,00 € para a redacción do proxecto de valorización do Espazo Fortaleza de Goián (Tomiño).

Neste marco de colaboración, encádrase a proposta deste convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño. Polo cal,

ACORDAN

Primeira. - Obxecto.



O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación e o Concello de Tomiño para desenvolver a redacción dun proxecto de valorización e recuperación ambiental e paisaxística do Espazo Fortaleza de Goián, no concello de Tomiño.

A fortaleza de San Lourenzo en Goián, construída no século XVII no marco da “Guerra de Restauración” hispano-lusa é un bo exemplo da arquitectura militar da época e está declarada como Ben de Interese Cultural. No ano 2012, recuperouse a súa contorna para o uso público e inaugurouse o Espazo Fortaleza. Trátase dun emprazamento localizado a beira do río Miño que conta cunha praia fluvial, pantaláns para pequenas embarcacións, parque infantil, xardíns e sendeiros. Dispón tamén dun anfiteatro ao aire libre que permite o desenvolvemento de concertos, obras teatrais, charlas e outras actividades no exterior.

No ano 2020, no marco do proxecto POCTEP 2014–2020 Interreg VA VISIT RIO MINHO “Cualificación e valorización da rede de sendeiros verdes transfronteirizos”, levouse a cabo unha actuación que consistiú na mellora da accesibilidade do Espazo Fortaleza mediante a adaptación do acceso tanto ao recinto fortificado como, ao parque e a praia fluvial.

As inundacións acaecidas en xaneiro de 2023 causaron danos significativos na Fortaleza de San Lourenzo. As chuvias torrenciais provocaron afundimentos en muros e camiños. Ademais da fortaleza, a praia de Goián e a senda do Miño quedaron cubertas polos efectos do temporal e da crecida, causando numerosos danos nas pasarelas e pavimentos.

O obxecto do presente convenio é a contratación da redacción dun proxecto técnico para executar as accións necesarias para a restauración ambiental e paisaxístico deste espazo así como determinar as accións encamiñadas á dinamización do mesmo.

Dito proxecto terá en conta as afeccións sectoriais que afectar ao área de actuación



de xeito que a proposta de actuación sexa compatible coas ditas afeccións.

Segunda.- Compromisos da Deputación

- 1) A Deputación asumirá a contratación das accións contidas na cláusula primeira por un importe máximo de 17.950,00 € (IVE incluído).*
- 2) A Deputación promocionará a intervención obxecto do convenio dentro do ámbito de comunicación do proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P*
- 3) A Deputación intercambiará información co Concello de xeito que o faga partícipe das accións a realizar no marco deste convenio.*

Terceira.- Compromisos do Concello.

O concello asinante ten as seguintes obrigas:

- 1) Acheга de información requirida sobre a área do Espazo Fortaleza e os danos ocasionados polo temporal.*
- 2) Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
- 3) Facilitar o acceso ás distintas zonas e construcións do Espazo Fortaleza aos técnicos da Deputación de Pontevedra e/ou da empresa contratada para a redacción do proxecto de valorización, aos efectos de analizar visualmente o entorno, realizar medicións, comprobar o tipo de elementos instalados, así como as súas características e composición, ou calquera outra actuación necesaria para a realización da redacción do proxecto de valorización do Espazo Fortaleza.*

Cuarta.- Financiamento.

Os investimentos necesarios para levar a cabo as actuacións serán financiados pola



Deputación de Pontevedra pola contía total de 17.950,00 € (IVE incluído). O orzamento desagregase no Anexo I do presente convenio.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 25/942.9432.227.06 “Estudios e traballos técnicos, proxecto VISIT RIO MINHO PLUS 1 P”

As accións recollidas no presente convenio están recollidas no Formulario Financeiro aprobado do proxecto 0249_VIVE_RIO_MINHO_PLUS_1_P, correspondente a acción 3.3 “Redacción do proxecto de valorización do Espazo Fortaleza de Goián”.

O proxecto enmarcase na cuarta convocatoria do POCTEP 2021-2027, nas accións de Inversións en infraestruturas e equipamentos que melloren a imaxe do destino turístico Río Miño, polo que as accións obxecto deste convenio serán cofinanciadas nun 75% con fondos FEDER.

<i>DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (25%)</i>	<i>FONDOS FEDER 75% ESPAÑA-PORTUGAL POCTEP 2021-2027</i>	<i>TOTAL</i>
<i>4.487,50 €</i>	<i>13.462,50 €</i>	<i>17.950,00 €</i>

A acción obxecto deste convenio, salvo que posteriormente se conceda unha prórroga para os proxectos aprobados na 4ª convocatoria do POCTEP 2021-2027, ten que estar efectivamente realizada a 31 de decembro de 2026.

Quinta.- Publicidade:

En calquera publicidade ou comunicación que realice calquera das administracións asinantes, estará obrigada a deixar expresa constancia que as actuacións contidas neste convenio son executadas pola Deputación, no marco do proxecto denominado “Consolidación da marca Río Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos” (0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P),



aprobado na cuarta convocatoria do POCTEP 2021-2027, que consta cun cofinanciamento do 75% de Fondos FEDER.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre os Concellos e a Deputación.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina Web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación de Pontevedra remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Tomiño será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



Sexta. - Comisión de Seguimento e Control.

Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento mixta, integrada polo Presidente da Deputación e a Alcaldesa do Concello de Tomiño, ou persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada administración.

Corresponderalle á Comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A determinación das obrigas respecto das actuacións en curso no caso de extinción por causa distinta ó cumprimento da vixencia do convenio.*
- As demais funcións que se lle atribúan neste convenio.*

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Sétima. - Remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

As partes comprométense a remitir a documentación necesaria ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e na R.P. de 2 de decembro de 2016 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a Instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do Sector Público local, todo elo no prazo e na forma establecidos ao efecto.



Oitava.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 30 de setembro de 2026.

2. Por acordo expreso das partes, tomado antes de que expire a súa vixencia e logo dos informes previos preceptivos da Unidade Xestora e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser prorrogado até un máximo de 2 meses.

3. Tamén por acordo expreso de todas as partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Novena.- Extinción do Convenio

1. O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Serán causas de resolución:

- 1.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2.- O acordo unánime dos asinantes.*
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes*

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistirá o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio



5. – Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décima. – Réxime xurídico.

1. O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

2. Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio marco a un só efecto no lugar e data salientada no seu encabezamento.

O Presidente da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Luís López Diéguez

A Alcaldesa de Tomiño

Asdo.: Sandra González Álvarez

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O
CONCELLO DE TOMIÑO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE VALORIZACIÓN DO
ESPAZO FORTALEZA DE GOIÁN (TOMIÑO). ACCIÓN CONTEMPLADA NO FORMULARIO DE
CANDIDATURA DO PROXECTO INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL 2021-2027
0249_ VISIT_ RIO_ MINHO PLUS 1 P, COFINANCIADO POR FONDOS FEDER NUN 75%*

ANEXO I

ORZAMENTO

O orzamento da actividade é de 17.950,00 € coa distribución seguinte:

<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE (sen IVE)</i>	<i>IMPORTE (con IVE)</i>
<i>Redacción do proxecto de valorización do Espazo Fortaleza de Goián, Tomiño</i>	<i>14.834,71 €</i>	<i>17.950,00 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>14.834,71 €</i>	<i>17.950,00 €</i>

“

- FACULTAR ao Presidente para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.
- DARLLE TRASLADO da presente resolución ao concello interesado, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, e ao Gabinete da Presidencia”.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Popular (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).



5. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as dez horas e corenta minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

Marcos Areán González

